

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de xuño de 2007

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Couto Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día once de xuño de dous mil sete e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(994).- RATIFICACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A. DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL DE ÚLTIMA XENERACIÓN EN VARIOS CAMPOS DE FÚTBOL.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do seguinte convenio de colaboración:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL DE ÚLTIMA XERACIÓN EN VARIOS CAMPOS DE FÚTBOL (A BOUZA, TEIS E MEIXOEIRO).

No Concello de Vigo, a 31 de maio de 2007

REUNIDOS

O Ilmo. Sr. D. Rafael Louzán Abal, na súa condición de Presidente da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúen o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

Dona Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vigo, en virtude de nomeamento efectuado polo Pleno da Corporación na súa sesión constitutiva e acutando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, coa modificación dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do Goberno Local.

Ambas partes se recoñecen con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

EXPOÑEN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 6 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, 3.c) do RDL 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II.- Que a lexislación vixente en materia de Réxime Local encomenda ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegura-la prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilita-la consecución real e efectiva dos mesmos, e polo que instrumenta dito convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

III.- Que a Deputación de Pontevedra, a partir da promulgación da Lei de Cultura Física e Deportes, prestou unha especial atención na promoción de toda clase de deportes, colaborando con todos os Concellos da provincia na construción de instalacións deportivas, de modo moi singular campos de fútbol por toda a xeografía prouncial. Importante foi, así mesmo, a participación nas instalacións da infraestrutura dos campos de herba natural, labor que se realiza a través dos servizos especializados desta Institución.

IV.- Coa evolución de novas técnicas son moitos os concellos que solicitan axuda desta Deputación Provincial para a construción de campos de céspede artificial.

Isto é así porque este tipo de instalación ofrece unha serie de vantaxes con respecto ós de céspede natural, como son un menor custo de manetemento, maior aproveitamento horario e un uso máis intensivo sen que sufran deterioro, un comportamento similar ó de céspede natural con notables vantaxes de uniformidade, etc...

Hoxe en día, están xa recoñecidos para a práctica deportiva polos Organismos Internacionais correspondentes e de modo singular pola FIFA e UEFA.

V.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das Entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- A Deputación de Pontevedra levará a cabo no Concello de Vigo o proxecto de instalación de céspede artificial de última xeración nos campos de fútbol de A Bouza, Teis e Meixoeiro.

O proxecto comprenderá a realización das seguintes actuacións a nivel constructivo:

- 1.- Realización da obra civil de infraestrutura básica con arreglo a un proxecto tipo.*
- 2.- Instalación de herba artificial e dos seus compoñentes.*
- 3.- Instalación do seguinte equipamento:*

- Un xogo de porterías de fútbol once (2 unidades).
- Dous xogos de porterías de fútbol siete abatibles (4 unidades)
- Un xogo de banderines de corner (4 unidades).
- Banquillos de suplentes (2 unidades)
- Un marcador.
- Asientos (200 unidades)

Segunda.- O importe de instalación de herba artificial nun campo de fútbol de 100x65 m, de acordo co proxecto base, cífrase na contía máxima de 368.000 euros que serán aboados pola Deputación ás empresas adxudicatarias, con cargo ás partidas 123.452.662.08.

Dita contía será financiada nun 75% pola Deputación e o 25% restante polo Concello.

A contía correspondente ó Concello se financiará con cargo ó convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para a realización de diversas obras, aprobado pola Xunta de Goberno do órgano provincial en sesión de 11 de maio de 2007, e que comprende a instalación de herba artificial en tres campos de fútbol cun orzamento total de 285.000 euros.

Terceira.- Á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra correspóndelle a dirección das obras e instalacións contempladas na cláusula primeira, podendo nomear o Concello un técnico facultativo para a comprobación material da execución das obras, que non formará parte da súa dirección.

Cuarta.- O Concello de Vigo comprométese ás seguintes obrigas:

1.- Obter a correspondente licencia municipal e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que foran precisas.

2.- Realizar as obras de adecuación complementarias necesarias para a posta en funcionamento dos campos de fútbol que se reflexan no anexo ó convenio e non comprendidas na cláusula primeira.

Estas obras de adecuación serán relacionadas, valoradas e conformadas, conxuntamente, por un Técnico municipal e outro provincial designados polas entidades correspondentes.

3.- Dar a adecuada publicidade da subvención obtida en tódolos ámbitos de actuación deste convenio.

Quinta.- O incremento da contía máxima estimada na cláusula segunda producida por unha modificación do proxecto inicial, financiarase, polas entidades suscribintes deste convenio, nas mesmas porcentaxes estipuladas nas cláusulas anteriores.

Sexta.- Unha vez concluídas as obras de infraestrutura e instalación de céspede artificial frase entrega ó Concello.

Sétima.- Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Coordinación da que forman parte os Presidentes, ou persoas en quen deleguen e un Técnico de cada Entidade Local, que se reunirá dentro do prazo de tres días, a contar desde a petición expresa realizada por calquera delas, na sede do organismo requerido.

Oitava.- O presente convenio entrará en vigor na data do seu asinamento e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2007.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervintes no caso de que non se rematasen as obras obxecto do mesmo.

Novena.- O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas nel e pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, e polo RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo.

Así mesmo, as partes quedan sometidas á Xurisdicción Contencioso Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula sétima, na resolución de posibles controversias que poideran suscitarlo incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente Convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e data reseñada no seu encabezamento.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar o precedente convenio.

2(995).- RATIFICACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A. DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS EN VARIAS RÚAS.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do seguinte convenio de colaboración:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL DE ÚLTIMA XERACIÓN EN VARIOS CAMPOS DE FÚTBOL (A BOUZA, TEIS E MEIXOEIRO).

No Concello de Vigo, a _____

REUNIDOS

O Ilmo. Sr. D. Rafael Louzán Abal, na súa condición de Presidente da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúen o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

Dña. Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vigo, en virtude de nomeamento efectuado polo Pleno da Corporación na súa sesión constitutiva e actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, coa modificación dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do Goberno Local.

Ambas partes se recoñecen con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

EXPOÑEN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 6 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, 3.c) do RDL 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II.- Que a lexislación vixente en materia de Réxime Local encomenda ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegura-la prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilita-la consecución real e efectiva dos mesmos, e polo que instrumenta dito convenio dirixido o cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

III.- Que a Deputación de Pontevedra, a partir da promulgación da Lei de Cultura Física e Deportes, prestou unha especial atención na promoción de toda clase de deportes, colaborando con todos os concellos da provincia na construción de instalacións deportivas, de modo moi singular campos de fútbol por toda a xeografía provincial. Importante foi, así mesmo, a participación nas instalacións da infraestrutura dos campos de herba natural, labor que se realiza a través dos servizos especializados desta Institución.

IV.- Coa evolución de novas técnicas son moitos os concellos que solicitan axuda desta Deputación Provincial para a construción de campos de césped artificial.

Isto é así porque este tipo de instalación ofrece unha serie de vantaxes con respecto ós de céspede natural, como son un menor custo de mantemento, maior aproveitamento horario e un uso máis intensivo sen que sufran deterioro, un comportamento similar ó de céspede natural con notables vantaxes de uniformidade, etc...

Hoxe en día, están xa recoñecidos para a práctica deportiva polos Organismos Internacionais correspondentes e de modo singular pola FIFA e UEFA.

V.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das Entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLAUSULAS

Primeira.- A Deputación de Pontevedra levará a cabo no Concello de Vigo o proxecto de instalación de céspede artificial de última xeración nos campos de fútbol de A bouza, Teis e Meixoeiro.

O proxecto comprenderá a realización das seguintes actuacións a nivel constructivo:

- 1.- Realización da obra civil de infraestrutura básica con arreglo a un proxecto tipo.
- 2.- Instalación de herba artificial e dos seus compoñentes.
- 3.- Instalación do seguinte equipamento:
 - Un xogo de porterías de fútbol once (2 unidades).
 - Dous xogos de porterías de fútbol siete abatibles (4 unidades).
 - Un xogo de banderines de corner (4 unidades).
 - Banquillos de suplentes (2 unidades).
 - Un marcador.

- Asientos (200 unidades).

Segunda.- O importe de instalación de herba artificial nun campo de fútbol de 100x65 m, de acordo co proxecto base, cífrase na contía máxima de 368.000 euros que serán aboados pola Deputación ás empresas adxudicatarias, con cargo ás partidas 123.452.662.08.

Dita cuantía será financiada nun 75% pola Deputación e o 25% restante polo concello.

A cuantía correspondente o concello se financiará con cargo o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para a realización de diversas obras, aprobado pola Xunta de Goberno do órgano provincial en sesión de 11 de maio de 2007, e que comprende a instalación de herba artificial en tres campos de fútbol cun orzamento total de 285.000 euros

Terceira.- Á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra correspóndelle a dirección das obras e instalacións contempladas na cláusula primeira, podendo nomear o Concello un Técnico facultativo para a comprobación material da execución das obras, que non formará parte da súa dirección.

Cuarta.- O Concello de Vigo comprométese as seguintes obrigas:

1.-Obter a correspondente licencia municipal e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que foran precisas.

2.-Realizar as obras de adecuación complementarias necesarias para a posta en funcionamento dos campo de fútbol que se reflexan no anexo ó convenio e non comprendidas na cláusula primeira .

Estas obras de adecuación serán relacionadas, valoradas e conformadas, conxuntamente, por un Técnico municipal e outro provincial designados polas entidades correspondentes.

3- Dar a adecuada publicidade da subvención obtida en tódolos ámbitos de actuación deste convenio.

Quinta.- O incremento da cuantía máxima estimada na cláusula segunda producida por unha modificación do proxecto inicial, financiarase, polas entidades suscribintes deste convenio, nos mesmos porcentaxes estipulados nas cláusulas anteriores

Sexta.-Unha vez concluídas as obras de infraestrutura e instalación de céspede artificial farase entrega ó concello.

Sétima.- Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Coordinación da que forman parte os Presidentes, ou persoas en quen deleguen e un Técnico de cada Entidade Local, que se reunirá dentro do prazo de tres días, a contar desde a petición expresa realizada por calquera delas, na sede do Organismo requerido.

Oitava.- O presente convenio entrará en vigor na data do seu asinamento e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2007.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervintes no caso de que non se rematasen as obras obxecto do mesmo.

Novena- O presente convenio ten natureza administrativa, rexendose polas cláusulas establecidas nel e pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, R.D. 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, e polo RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo.

Asemesmo, as partes quedan sometidas á Xurisdicción Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula sétima, na resolución de posibles controversias que puideran suscita-lo incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente Convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e data reseñada no seu encabezamento.

Acordo

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar o precedente convenio.

3(996).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR MOR DA REALIZACIÓN DA ASEMBLEA DA ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS DE INFORMACIÓN DE PRENSA E TELEVISIÓN. EXPTE. EXPTE. 4152/101.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta de data 04/06/2004 do xefe de procolo e RR PP, conformado polo concellero da área de Xestión Municipal e informado así mesmo pola Asesoría Xurídica e pola Intervención xeral en datas 5 e 6 de xuño de 2007, respectivamente, que di o seguinte:

“De conformidade coa orde de Alcaldía, procédese a informar a solicitude de validación de gasto das seguintes facturas:

Factura n.º C/002469/07/02, de data 12/04/07 da empresa “Bives Tour.” con data de Rexistro Xeral do Concello 19/04/07, polo concepto de billetes de viaxe e servizos de traslados ós asistentes á Asamblea Xeral 2007 da Asociación Profesional Española de Informadores de Prensa, Radio e Televisión, cun custo total de 23.059,04 euros, IVE incluído.

Fra. Nº 64550, de data 26/3/2007, da empresa “Inmobiliaria Samil S.A.”, con data de Rexistro Xeral do Concello 29/3/07, polo concepto “Servizos restauración Asamblea Profesionais de Prensa Radio e Televisión”, cun custo total de 5.174,52 euros, IVE incluído.

Fra.nº 64548, de data 26/3/07, da empresa “Inmobiliaria Samil S.A.”, con data de Rexistro Xeral do Concello 29/3/07, polo concepto “Cena de Gala Asamblea Asociación Profesional Española de Informadores de Prensa Radio y Televisión”, cun custo total de 21.474,90 euros, IVE incluído.

Os expedientes administrativos correspondentes a este gasto non foron tramitados por carecer á data de inicio da Asamblea do número de persoas asistentes , así coma as datas de chegada e saída , por atoparse algúns dos membros fora do país e serem de difícil combinación os voos e traslados, a pesares de que tanto no intre de realizarse o gasto como na actualidade existe partida orzamentaria adecuada e suficiente para afrontalo (111.0.226.01.00, “Gastos Organos de Goberno”), polo que o órgano competente para a aprobación deste expediente de validación de gasto é, salvo mellor criterio de Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, previo informe de Intervención Xeral de existencia de consignación orzamentaria, SOLICÍTASE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL QUE ADOPTE O SEGUINTE ACORDO:

*“Primeiro.- Validar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figuran nas facturas seguintes:
Factura n.º C/002469/07/02, de data 12/04/07 da empresa “Bives Tour.” con data de Rexistro Xeral do Concello 19/04/07, polo concepto de billetes de viaxe e servicios de traslados ós asistentes á Asamblea Xeral 2007 da Asociación Profesional Española de Informadores de Prensa, Radio e Televisión, cun custo total de 23.059,04 euros, IVE incluído.*

Fra. Nº 64550, de data 26/3/2007, da empresa “Inmobiliaria Samil S.A.”, con data de Rexistro Xeral do Concello 29/3/07, polo concepto “Servicios restauración Asamblea Profesionais de Prensa Radio e Televisión”, cun custo total de 5.174,52 euros, IVE incluído.

Fra.nº 64548, de data 26/3/07, da empresa “Inmobiliaria Samil S.A.”, con data de Rexistro Xeral do Concello 29/3/07, polo concepto “Cena de Gala Asamblea Asociación Profesional Española de Informadores de Prensa Radio y Televisión”, cun custo total de 21.474,90 euros, IVE incluído.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de “Bives Tour, S.A.” e “Inmobiliaria Samil S.A.”, con cargo á partida orzamentaria 111.0.226.01.00, “Gastos Organos de Goberno”, por os importes de 23.059,04 euros, 5.174,52 euros e 21.474,90 euros, respectivamente.

Terceiro.- Dispoñer o gasto a favor de Bives Tour, S.A. e Inmobiliaria Samil, S.A. , con cargo á partida orzamentaria 111.0.226.01.00, “Gastos Organos de Goberno” do presuposto prorrogado actualmente en vigor, por os importes de 23.059,04 euros, 5.174,52 euros e 21.474,90 euros, respectivamente, IVE incluído.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(997).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE DIVERSOS TERCEIROS. EXPTE. 4244/101.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta de data 04-06-07 do xefe de Protocolo e RR PP conformado polo concelleiro da área de Xestión Municipal e informado así mesmo pola Asesoría Xurídica e pola Intervención Xeral en datas 5 e 6 de xuño de 2007, respectivamente que di o seguinte:

“Con data de 4 de xuño de 2007, a Alcaldía emitíu orde de servizo de inicio de expte. administrativo de indemnización substitutiva conducente a facer fronte ás facturas correspondentes a gastos de publicidade, relacións públicas e protocolo, e patrimonio e contratación, realizados sen fiscalización previa.

As facturas correspondentes a publicidade, emitidas por “Canal Uno de Comunicación, S.L.”, foron consecuencia do exceso de información emitida polo Concello dentro da información obrigatoria da Administración, segundo o preceptuado na Lei de Procedemento Administrativo, a incluír no apartado “O Concello Informa”, a publicar todos os venres na páxina de información municipal da prensa local.

A factura a aboar por Patrimonio e contratación, emitida por “Ekipo”, corresponde a gastos de amoblamento das novas instalacións da Alcaldía en r/Areal 66, que pola premura de tempo, foron adquiridas sen previo contrato.

As facturas a aboar por Relacións Públicas e Protocolo, emitidas por “Hotel Pazo Los Escudos”, corresponden ós gastos de estancia do escuadrón de policía de caballería de Madrid, que asistíu ós actos conmemorativos do cen aniversario da Policía Local, dada a tardanza da Corporación para acordar as datas do acto, e a emitida por

“Producción e Xestión Cultural, S.L.”, corresponde a montaxe do acto de Inauguración da Exposición Mundial da Pesca 2003, por tratarse dun gasto incluído nos compromisos asumidos polo Concello para ese evento, que quedou sen cubrir por razóns que se descoñecen neste departamento.

Os expedientes administrativos dos gastos arriba mentados non foron tramitados polas devanditas razóns, se ben os gastos se realizaron sen existir partida orzamentaria adecuada e suficiente para afrontalos.

No presuposto vixente existe partida adecuada e suficiente para afronta-los mesmos, polo que de conformidade co establecido na instrucción 1/2000 de 25 de maio do mesmo ano, sobre recoñecemento extraxudicial de cretos, e base 28 das de execución do presuposto prorrogado, é organo competente para aprobación deste expediente de indemnización sustitoria e, salvo mejor criterio, a Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, previo informe de Intervención Xeral de existencia de consignación orzamentaria correspondente, SOLICÍTASE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL QUE ADOPTE O SEGUINTE ACORDO:

“Primeiro.- Convalidar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figuran na relación de facturas que segue:

Con cargo á P. 111.1.226.02.02 “Publicidade Xeral”, as facturas seguintes:

- Nº. 580/4, CANAL UNO, data de Rexistro Xeral 17/01/05, polo concepto “O Concello Informa (segunda quincena decembro)”, por importe de 1.707,52 euros, IVE incluído.
- Nº. 259/6, CANAL UNO, data de Rexistro Xeral 19/06/06, polo concepto “O Concello Informa (maio 2006)”, por importe de 22.499,88 euros, IVE incluído.
- Nº. 338/06, CANAL UNO, data de Rexistro Xeral 18/07/06, polo concepto “O Concello Informa (xuño 2006)”, por importe de 26.276,30 euros, IVE incluído.
- Nº. 507/06, CANAL UNO, data de Rexistro Xeral 25/10/06, polo concepto “O Concello Informa (setembro 2006)”, por importe de 19.820,92 euros, IVE incluído.
- Nº.639/06, CANAL UNO., data de Rexistro Xeral 19/12/06, polo concepto “O Concello Informa (Dpto. Persoal)”, por importe de 421,08 euros, IVE incluído.
- Nº. 638/06, CANAL UNO, data de Rexistro Xeral 22/12/06, polo concepto “O Concello Informa (novembro 2006)”, por importe de 23.259,62 euros, IVE incluído.

Con cargo á P.121.6.625.00.00 “Mobiliario e Enseres”, a factura seguinte:

- Nº P13.975, “EKIPO”, data de Rexistro Xeral 31/05/07, polo concepto “Amoblamento Alcaldía”, por importe de 104.891,07 euros, IVE incluído.

Con cargo á P. 111.0.226.01.01 “Facturas atrasadas Protocolo exercicio anterior”, as facturas seguintes:

- Nº 6944, HOTEL PAZO LOS ESCUDOS, data de Rexistro Xeral 04/06/07, polo concepto “Cea de gala escuadrón policía caballería de Madrid”, por importe de 5.885,00 euros, IVE incluído..
- Nº 6945, HOTEL PAZO LOS ESCUDOS, data de Rexistro Xeral 04/06/07, polo concepto “Estancia escuadrón policía caballería de Madrid”, por importe de 11.984,00 euros, IVE incluído.
- Nº 152/04, PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L., data de Rexistro Xeral 20/12/04, polo concepto “Montaxe acto presentación exposición mundial da pesca”, por importe de 21.805,68 euros, IVE incluído.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor dos provedores que figuran en cada unha das facturas da relación anterior, e pola cantidade que se especifica a cada unha delas, con cargo ás partidas orzamentarias enriba indicadas.

Terceiro.- Dispoñer o gasto a favor de dos provedores relacionados nas facturas da relación que figura no punto primeiro, con cargo ás partidas orzamentarias indicadas, polo importe que figura en cada factura”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(998).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.: ALTA EXPTE. 2/1202

Examinadas as actuacións do expediente, visto os informe proposta do xefe do Sector de Acción Social, conformado pola delegada da área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D. Cándido González Calvar. Expte 2/1202.

6(999).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE AXUDAS PARA MELLOR DAS CONDICIÓN DE HABITABILIDADE DE VIVENDAS. EXPTE. 23121/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 23-05-07 da traballadora social da área de Benestar Social, conformado pola delegada da área de Participación Cidadá e intervindo e conformado así mesmo polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o gasto a nome dos solicitantes que se detallan a continuación para a mellora das condicións de habitabilidade das vivendas, ano 2007, en colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, por un importe de 14.875,50 €, con cargo á partida 3130.480.0000, RC 200700003119.

<u>Expte</u>	<u>Solicitante</u>	<u>DNI</u>	<u>Concepto</u>	<u>Importe</u>
12/167	Ricardo Alvarez Alvarez (Axuda complementaria)	36039771-J	Cámara aire	2.000,00 €
			Falso teito	1.380,00 €
			Pavimento	850,00 €
			Baño	1.500,00 €
			Fontanería	650,00 €
			IVA 16 %	1.021,00 €
			TOTAL.....	7.401,00 €
11/1222	Mónica Pardal Mejuto	36134520-W	Arranxo tellado	5.085,90 €
1/1368	Dolores Pérez Alonso (Axuda complementaria)	36040288-R	Cuberta e pinchos	2.388,60 €

Os destinatarios, requisitos e baremación, serán os estipulados nas bases da Deputación (BOP nº 28, de febreiro 2007)

2º.- En base o anterior solicítase á Excma Deputación Provincial de Pontevedra o 50€ do gasto total das axudas sinaladas no punto anterior, para o que se tramitará o expediente oportuno.

3º.- Non será preciso a aprobación de bases propias, toda vez que as axudas concederanse de forma directa ó acreditarse razóns de interesa social e económico, segundo se establece no artigo 22,2 c. da Lei 38/2003 Xeral de Subvención.

**7(1000).- FIXACIÓN DO PVP DO LIBRO “ARQUITECTURA S NO PAPEL. VIGO 1933/41”.
EXPTÉ. 10301/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 29-05-07 do xefe do departamento de Cultura que di o seguinte:

“A Concelleira da Área de Asuntos Sociais edita o libro “Arquitecturas no papel. Vigo 1933/44” de José Varela Alén, con textos e fotografías seleccionadas. Este libro ten un custe total de 5,637,60 € (deseño e impresión do libro con Canal Uno de Comunicaciones: 5,498,40 €; revisión lingüística dos textos con Canal Uno de Comunicaciones: 139,20 €), para unha tirada de 500 exemplares, i.v.e. incluído, co que o custe total unitario máximo e de 11,28 €.

Co obxecto de recuperar parte do investimento feito na edición deste libro e, o mesmo tempo aumenta-la súa difusión, o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais resolveu a apertura do expediente de venda ó público conforme á ordeanza municipal correspondente.

Segundo dispón a ordenanza reguladora dos prezos de venda ó público de publicacións, o valor de venda ó público de cada exemplar do mesmo oscilará entre un mínimo dun 50% e un máximo dun 100% do seu prezo de custe, impostos incluídos. Según isto, resulta un prezo mínimo e máximo para esta publicación de 6,64 € e 11,28 € respectivamente. O prezo de venda aconséllase podería ser de 10 €, impostos incluídos.

Do total dos 500 libros que se encargaron, considérase de interese poñer a venda pública un total de 200, entréganse 200 a Fundación Caixa Galicia por ser a entidade colaboradora na edición do mesmo e reservanse 100 para necesidades protocolarias do concello e intercambio de publicacións con outras entidades.

Á vista do citado, seguindo instruccións do Xefe do departamento de Cultura faise á Comisión de Goberno a seguinte

PROPOSTA.-

"1. Poñer á venda 200 libros, dos 500 editados do libro Arquitectura de Papel, a un prezo unitario de venda ó público de vinte (10) EUROS.-, I.V.E. engadido, reservando 200 para a Fundación Caixa Galicia por ser a entidade colaboradora na edición e 100 para as necesidades protocolarias e de intercambio de publicacións con outras entidades. “

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1001).- FIXACIÓN DO PVP DO LIBRO “ARQUITECTURA RACIONALISTA EN VIGO/RATIONLIST ARCHITECTURA IN VIGO”. EXPTE. 10302/331

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 29-05-07 do xefe do departamento de Cultura que di o seguinte:

“A Concelleira da Área de Asuntos Sociais edita o libro “Arte Racionalista en Vigo” de José Varela Alén, con textos e fotografías seleccionadas. Este libro ten un custe total de 13.490,80 € (deseño e impresión do libro con Canal Uno de Comunicaciones: 11,408,60 €; Traducións con Canal Uno de Comunicaciones: 2.082,20 €), para unha tirada de 500 exemplares, i.v.e. incluído, co que o custe total unitario máximo e de 26,98 €.

Co obxecto de recuperar parte do investimento feito na edición deste libro e, o mesmo tempo aumenta-la súa difusión, o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais resolveu a apertura do expediente de venda ó público conforme á ordeanza municipal correspondente.

Segundo dispón a ordeanza reguladora dos prezos de venda ó público de publicacións, o valor de venda ó público de cada exemplar do mesmo oscilará entre un mínimo dun 50% e un máximo dun 100% do seu prezo de custe, impostos incluídos. Según isto, resulta un prezo mínimo e máximo para esta publicación de 13,49 € e 26,98 € respectivamente. O prezo medio de venda aconséllase podería ser de 20 €, impostos incluídos (o mesmo prezo que a edición en galego).

Do total dos 500 libros que se encargaron, considérase de interese poñer a venda pública un total de 200, entréganse 200 a Fundación Caixa Galicia por ser a entidade colaboradora na edición do mesmo e reservanse 100 para necesidades protocolarias do Concello e intercambio de publicacións con outras entidades.

Á vista do citado, seguindo instrucións do Xefe do departamento de Cultura faise á Comisión de Goberno a seguinte

PROPOSTA.-

"1. Poñer á venda 200 libros, dos 500 editados do libro Arte Racionalista en Vigo / Rationalist Architecture in Vigo, a un prezo unitario de venda ó público de vinte

(20) EUROS.-, I.V.E. engadido, reservando 200 para a Fundación CaixaGalicia por ser a entidade colaboradora na edición e 100 para as necesidades protocolarias e de intercambio de publicacións con outras entidades."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1002).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN DEPORTIVA ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DA “REGATA DE TRAIÑAS CONCELLO DE VIGO 2007”. EXPTE. 6992/333.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo coa proposta de data 16.05.07 do director deportivo do IMD, conformada pola concelleira da área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Deportes e intervida e conformada pola Intervención Xeral en data 04.05.07, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio para a celebración de diversas actividades deportivas nauticas no ano 2006 con motivo do seu centenario, entre o Concello de Vigo e o Real Club Náutico de Vigo, que se achega o presente expediente.

2º.- Aprobar o gasto de 72.000 euros a favor da entidade; Real Club Náutico de Vigo, con CIF: G-36612752. Con enderezo en Avenidas, s/n- Vigo 36210. (c/c: 0049-0557-78-2710046976 con cargo á partida 4521.489.00.01 do vixente orzamento, coa certificación e presentación da facturas orixinais ata completar a totalidade da cantidade prevista no presente convenio unha vez rematado o evento.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DE DIVERSAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS CON MOTIVO DO SEU CENTENARIO- 2006.

No Concello de Vigo, a de do dous mil seis.

Dunha parte: D. Corina Porro Martinez, Alcaldesa de Vigo.

E doutra: D. Franco Cobas González, con DNI 35.889.951S, en nome e representación do Real Club Náutico.

Ámbalas dúas partes reconécese mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente Convenio.

EXPOÑEN :

Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización de diversas probas deportivas nauticas e seguindo co impulso dado con motivo da celebración da Volvo Ocean Race no ano 2005 a concelleria de deportes ten previsto colaborar co R.C.Nautico de Vigo para a continuidade das mesmas e que con motivo do seu centenario o devandito club celebrara o longo do ano 2006 campións de España de Remo e Vela así como a Semana do Atlántico, a regata de Traíñas Bandeira Concello de Vigo, o Circuito Benetau 25, etc., o Excmo. Concello de Vigo e o Real Club Náutico de Vigo conveñen a realización das mesmas, por ser Real Club Náutico de Vigo a única entidade con capacidade organizativa para afrontar estes eventos que teñen un claro interese publico e zonal, polo que establécense as seguintes:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA,- A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións; o Real Decreto 2225/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para a concesión de subvencións públicas, en canto non se opoña ó establecido na LXS; as normas de desenvolvemento da LXS que se aproben, nos termos da súa aprobación; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2006; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto a subcontratacion das actividades subvencionadas estarase conforme o establecido no artigo 29 da LXS.

Esta subvención ten un clara carácter de interese publico e social polo que a súa concesión se acolle o previsto no artigo 22 2C da Lei 38 de 2003 da LXS.dada a importancia desta manifestación deportiva e a asistencia masiva de publico.

Por outra banda é a única entidade que ten capacidade organizativa para desenvolver as devanditas probas náuticas, polo que non cómpre aplicar os principios de publicidade e concorrencia.

A subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que o Real Club Náutico de Vigo é o único organizador dos distintos campionatos de España de Remo e Vela asi como da Semana do Atlántico, a Regata de Traíñas Bandeira Concello de Vigo, o Circuito Benetau 25.

O Real Club Náutico de Vigo para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 de LXS.

SEGUNDA: O Excmo. Concello de Vigo comprometese a:

2.1- Autorizar a organización das probas Semana do Atlántico, a Regata de Traíñas Bandeira Concello de Vigo, o Circuito Benetau 25 asi como distintos campionatos de Remo e Vela, ó Real Club Náutico de Vigo para a celebración dos mesmos durante o ano 2006.

2.2.- A colaboración na organización dos medios necesarios para a instalación dun palco, instalación de megafonía, así como a cesión das instalacións deportivas municipais necesarias durante a data de celebración destas probas.

2.3.- Aboar o Real Club Náutico de Vigo co obxectivo de colaborar no financiamento dos gastos relacionados coa organización e celebración das devanditas probas a cantidade de 72.000 euros, con cargo á partida 4521.489.00.01 “ CONVENIOS SUBVENCIONES ACTIVIDADES DEPORTIVAS” do orzamento en vigor, importe que abonarase coa certificación dun técnico do servico de deportes e a presentación de facturas orixinais unha vez rematado o evento.

TERCEIRA.- O Real Club Náutico asume as seguintes obrigas:

3.1.-Organizar as seguintes probas náuticas : Semana do Atlántico, a Regata de Traíñas Bandeira Concello de Vigo, o circuito Benetau 25, asi como diversos campionatos de remo e vela durante o ano 2006, asumindo as responsabilidades sobre os seguintes medios:

- Medios necesarios humanos e materiais para facilitar o acceso das embarcación.*
- Embarcacións auxiliares para a regata.*
- Coordinación sobre a sinalización do percorrido.*
- Coordinación montaxe palco, megafonía, etc.*
- Solicitar os permisos necesarios.*
- Reunión e recepción delegados equipos.*
- Actos de entrega de premios.*
- Confección da Bandeira da proba.*
- Asumir os pagamentos dos premios entre os vencedores segundo os datos do presente convenio.*

3.2.- En tódala información e publicidade do Evento figurará o logo da Concellería Deportes. Así mesmo na instalación onde se celebre o evento figurará unha pancarta da Concellería de Deportes.

3.3.- Cumprir tódalas normas establecidas no clausurado do convenio

3.4.-Tódolos medios de promoción e difusión, deberán empregar o Galego como Idioma oficial nestes eventos deportivos.

3.5.- Responder da veracidade dos datos da solicitude

CUARTA: O seguimento da execución do presente Convenio será realizado pola Concellería de Deportes do Excmo. Concello de Vigo,

A Concellería de Deportes, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A aceptación por parte do R.C. Náutico de Vigo da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro.

O órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedida a subvención, o Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais, poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte dos adxudicatarios das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.

QUINTA:A vixencia do presente convenio é para a realización das seguintes probas deportivas o longo do ano de 2006: Semana do Atlántico, Regata de Traiñas Bandeira Concello de Vigo, Circuito Benetau 25, así como diversos campionatos de España de remo e Vela.

SEXTA:A Concelleira delegada da area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local queda facultada para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

SÉTIMA: As causas de reintegro da subvención será as que se determina no artigo 37 da LXS.

OITAVA: O R.C.Náutico deberá comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización das devanditas probas.

Así o conveña no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado o presente documento.

10(1003).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTORIA POLA REPARACIÓN E MONTAXE DE ELEMENTOS DECORATIVOS A FAVOR DE GEDEMON, S.L.. EXPTE. 11138/444

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 06-06-07 do coordinador da Área de Servizos Xerais, informado pola Asesoría Xurídica e pola Intervención Xeral en datas 5 e 6 de xuño, respectivamente, que di o seguinte:

“Durante o período de nadal, no que están instalados na cidade os motivos de alumeado navideño e o estar éstos expostos á intemperie, normalmente vense afectados polas inclemencias meteorolóxicas quedando na súa maioría danados, co cal é necesario proceder á súa reparación posterior unha vez rematada a campaña navideña.

Co obxecto de manter en perfecto estado os motivos do alumeado navideño, ao longo dos primeiros meses do ano 2007, a empresa GEDEMON, S.L., realizou diversos traballos de desmontaxe e reparación de elementos decorativos retirados das prazas que a continuación se indican:

- Praza de Compostela.
- Praza de Coia.
- Praza de Isaac Peral.
- Praza de Pizarro.
- Praza de España.
- Praza ao lado Paellera.
- Praza Travesía de Vigo - Genaro de la Fuente.
- Praza de Hispanidade.

Os traballos de reparación e montaxe consistiron básicamente en:

- Reparación e substitución de elementos luminosos.
- Reparación de tramos de cableado.
- Reparación e fixación de estruturas.

Os citados traballos foron contratados a través da Alcaldía coa citada empresa dada a urxencia dos mesmos.

Con data 5 de xuño de 2007, emite informe favorable o Titular da Asesoría Xurídica D. Pablo Figueroa Dorrego, polo que dado o exposto anteriormente, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

Recoñecer unha indemnización substitutiva de gastos a favor da empresa GEDEMON, S.L. por un importe total co IVE engadido de 250.000 Euros e con cargo á partida orzamentaria 6220.210.00.00

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1004) APROBACIÓN DE PROXECTO MODIFICADO DO DA “URBANIZACIÓN DAS FASES 1 E 2 DO POLÍGONO 1 DO PERI 4 – BARREIRO 2”. EXPTE. 1641/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 07-06-07 do coordinador da Área de Servizos Xerais que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local de data 16 de outubro de 2006, adxudicou as obras correspondentes ao Proxecto de Urbanización das fases I e II do Polígono I do PERI 4 Barreiro 2, á empresa Movexvial pola cantidade de 2.528.410 euros co IVE engadido.

O desenvolvemento das obras foi aconsellando introducir determinadas modificacións que basicamente consisten en aumentos de unidades existentes no Presupuesto, e a inclusión doutras novas, segundo se describe no informe do Adxunto ao Director dos Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Aguirre Rodríguez que se achega.

A estimación do importe destas modificacións, ascende a 503.000 euros (IVE engadido) que representa aproximadamente un 19,50% do orzamento de execución.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1º Aprobar o proxecto modificado ao proxecto de Urbanización das Fases I e II do Polígono I do PERI 4-Barreiro 2, por un importe de 503.000 euros, de acordo co escrito do Adxunto ao Director dos Servizos Técnicos, D. Juan Aguirre Rodríguez.”

Consta no expediente certificación de don Juan González Ramírez, director dos Servizos Centrais como responsable de contabilidade da Xerencia Municipal de Urbanismo que di o seguinte:

“Certifico:

Que no Orzamento da Xerencia Municipal de urbanismo existe crédito disponible por importe de 566.941,73 euros con cargo a créditos incorporados do exercicio 2006, provintes da xestión do patrimonio municipal do solo, que previa a modificación pertinente son adecuados para a financiación do modificado na obra de urbanización de Barreiro.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto modificado ao proxecto de Urbanización das Fases I e II do Polígono I do PERI 4-Barreiro 2, por un importe de 503.000 euros, de acordo co escrito do Adxunto ao Director dos Servizos Técnicos, D. Juan Aguirre Rodríguez.

Para a realización deste proxecto previamente deberá habilitarse crédito con cargo ó presuposto da Xerencia Municipal de Urbanismo.

12(1005).- APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO NÚM. 1 DO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA PONTE SOBRE O RÍO LAGARES. EXPTE. 12144/444.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 07-06-07 do coordinador da área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local de data 19 de marzo de 2007, acorda entre outros o seguinte:

1º Aprobar a solicitude de redacción do proxecto modificado a coste cero do proxecto de Construcción da nova ponte sobre o Río Lagares, na Baixada ao Pontillón, dacordo co escrito do Enxeñeiro Municipal de data 27 de febreiro de 2007.

A entrega do proxecto modificado implicou recalcular de novo a estrutura e a cimentación, e dada a saturación dos estudos de enxeñería, a entrega do citado proxecto retrasouse ata o 7 de xuño de 2007.

Polo que tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos, D. Sergio González Prada de data 6 de xuño de 2007 que se achega, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

Aprobar o proxecto modificado nº 1 a coste cero, e un prazo de execución adicional de 1,5 meses para a construción da nova ponte sobre o río Lagares na Baixada ao Pontillón.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1006).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA LINORSA PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURSO EXPERTO/A EN LIMPEZA DE INMOBLES. EXPTE. 4471/077.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta de data 18.05.07 do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e intervido e conformado en data 04.05.07 pola Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o curso de “Experto/a en limpeza de inmobles” dentro do programa de “Formación en empresas con compromiso de contratación” segundo o informe da técnica de inserción do Plan municipal de emprego, que se desenvolverá no presente ano 2007.

2º.- Aprobar o texto do convenio a asinar coa entidade que desenvolverá o curso.

3º.- Facultar a Dona Lucía Molares Pérez, concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local para a súa sinatura.

4º.- Aprobar o gasto por importe de 7.525,00€, con cargo á partida orzamentaria 3220 470 00 00, “Programa de axudas á inserción laboral” para facer fronte a execución do presente convenio de colaboración ao abeiro do programa de "Formación en empresas con compromiso de contratación" do Plan municipal de emprego 2004-2007.

INFORME DA TÉCNICA DE INSERCIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO SOBRE O CURSO EXPERTO/A EN LIMPEZA DE INMOBLES DENTRO DO PROGRAMA DE FORMACIÓN EN EMPRESAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN

O Concello de Vigo dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego xestiona o Plan municipal de emprego 2004-2007 que pretende ser un referente na necesaria coordinación entre todos os axentes implicados na loita contra o desemprego, configurándose como un proxecto aberto, coa vocación de ter unha fonda incidencia entre as persoas desempregadas da cidade, e de ser indutor dun cambio de visión sobre a problemática do paro, aportando o apoio municipal ás diversas facetas do camiño dende o desemprego á realización plena de actividade e á inserción laboral.

Do conxunto de accións a desenvolver no Plan municipal de emprego destaca o Programa de apoio a inserción laboral e dentro deste a “Formación en empresas con compromiso de contratación” que supón continuar na liña da experiencia exitosa obtida en anos anteriores. A formación ocupacional realízase nun ámbito produtivo real, a empresa, onde o alumnado pode observar e desempeñar as actividades e funcións propias dos distintos postos de traballo e coñecer as relacións laborais e a organización dos procesos produtivos. A empresa comprométese a contratar o 50%, como mínimo, das persoas que rematen satisfactoriamente a acción formativa.

Deste xeito, sendo de aplicación o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publicouse anuncio na prensa local o día 16 de febreiro da convocatoria para participar no Plan Formativo que se desenvolverá no ano 2007.

Na solicitude presentada pola empresa Limpiezas del Noroeste, S.A. (LINORSA) o deseño do curso “Experto/a en limpeza de inmobles” ten como eixe fundamental o casamento entre os intereses formativos manifestados polas persoas usuarias do noso Servizo de orientación laboral e as necesidades detectadas no mercado de traballo, a través dos contactos cos responsables das empresas e asociacións empresariais de Vigo e a súa comarca, ás que se lles solicitaba a súa colaboración para o desempeño de programas de formación.

Dado o interese que esta empresa, amosa por facer un curso e unha vez analizado o seu presuposto, o seu programa e o perfil demandado (mulleres e homes entre 20 e 50 anos), o equipo do Servizo de orientación laboral considera esta oferta axeitada para incrementar as posibilidades de inserción laboral das persoas beneficiarias da nosa base de datos.

Por outra parte esta empresa xa colaborou no desenvolvemento dunha acción formativa de limpeza no proxecto Actívate, cun alto grado de satisfacción por parte do alumnado así como por parte do persoal técnico do equipo do proxecto.

A programación e o enfoque eminentemente práctico da impartición do curso permite aproximar de maneira moi notable a acción formativa ás necesidades reais da empresa o que suporá unha boa acollida por parte das persoas entrevistadas.

CARACTERÍSTICAS DO CURSO

DENOMINACIÓN	Nº ALUMNOS/AS	Nº HORAS	ENTIDADE	IMPORTE
EXPERTO/A EN LIMPEZA DE INMOBLES	15	100	LIMPIEZAS DEL NOROESTE (LINORSA)	7.525,00

DATA DE REALIZACIÓN

A data prevista para o desenvolvemento do curso é o mes de xullo, aínda que esta pode sufrir modificacións.

SELECCIÓN DE EXPERTOS/AS

Considérase que a mellor opción é que as empresas e entidades colaboradoras se fagan cargo da selección dos/as expertos/as docentes.

No caso de que as empresas non dispoñan do persoal cualificado recorreríase á base de datos de expertos/as docentes da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego conforme co establecido no acordo da Comisión de Goberno Municipal do 23/05/1997.

SELECCIÓN DO ALUMNADO

O curso terá unha participación máxima de 15 persoas.

A selección farase entre as persoas entrevistadas polos/as orientadores/as do Servizo de orientación laboral da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego que teñan dentro do seu itinerario formativo a realización de cursos de formación ocupacional. Se desta forma non se cubriran tódalas prazas, publicarase un anuncio na prensa local.

ORZAMENTO

O orzamento deste curso de Formación en empresas con compromiso de contratación do ano 2007 do Plan municipal de emprego 2004-2007 comprende custos docentes e materiais.

A) CUSTOS DOCENTES

A actividade formativa levarase a cabo na empresa, o que facilitará o acercamento do alumnado á realidade empresarial.

Os custos de persoal docente, ascende á cantidade de 4.300,00€.

B) CUSTOS MATERIAIS

Neste concepto inclúense tódolos gastos de realización do curso (seguro de accidentes, aluguer de instalacións, material funxible, etc).

Os custos materiais ascenden a 3.225,00€.

Sumando os conceptos dos apartados anteriores (A+B) o importe total da posta en marcha deste curso ascende a 7.525,00€.

Este gasto poderase facer contra a partida orzamentaria 3220 470 00 00, "Programa de axudas á inserción laboral", do ano en curso.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.(LINORSA) PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURSO "EXPERTO/A EN LIMPEZA DE INMOBLES"

REUNIDOS:

Dunha parte:

O Excmo Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, e representado por Dona Lucía Molares Pérez en calidade de concelleira de Promoción Económica e de Desenvolvemento Local,

doutra:

Don Adolfo González González con NIF 35958321-Y en nome e representación da empresa LIMPIEZAS DEL NOROESTE,S.A (LINORSA) con domicilio na estrada do Bao, nº66-Coruxo da cidade de Vigo.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO: *A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, indica, no seu artigo 80, punto 2, letras k) e p), que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma participando, entre outros aspectos, na formación de persoas activas e desempregadas. Deste xeito, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo aprobou, por unanimidade, na súa sesión de data 26 de xaneiro de 2004, o Plan municipal de emprego 2004-2007. O Concello de Vigo, dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, no marco dese Plan e dentro do Programa de axudas á inserción sociolaboral, promove a formación en empresas, co compromiso, por parte destas, de contratar un mínimo do alumnado que remate satisfactoriamente o curso, para colaborar de forma activa na loita contra o desemprego e mellorar, entre outras facetas, a ocupabilidade das persoas desempregadas da área de influencia viguesa. Esta fórmula obriga a que o deseño das accións formativas, eminentemente prácticas, estea moi adaptado tanto ás características das persoas beneficiarias como ás necesidades das empresas e a que estas participen dunha aprendizaxe activa desenvolvida dentro do ámbito produtivo real.*

SEGUNDO: *A empresa LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.(LINORSA) é sensible a estes obxectivos, ademais de ter a necesidade de formar traballadores/as no seu sector ante a gran demanda do mercado laboral existente hoxe en día, polo que expresa a súa intención de participar activamente neste programa. A prospección de mercado feita polas técnicas de inserción sinala que LINORSA é unha das empresas de interés para a realización do curso de “experto/a en limpeza de inmobles”, e asume o compromiso de contratar o 50% do alumnado que remate satisfactoriamente o curso, polo que con ela procede desenvolver esta actividade.*

Por todo isto subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- *Obxecto do Convenio*

O presente convenio ten por obxecto establecer un marco de colaboración para realizar unha acción formativa cunha duración de 100 horas lectivas incluídas as prácticas, a razón de 4 horas diarias, coa finalidade de formar a 15 persoas como “Experto/a en limpeza de inmobles” e co compromiso de contratar, por parte da empresa LINORSA, un mínimo do 50% do alumnado que remate satisfactoriamente o curso. Estas contratacións terán unha duración mínima de 3 meses e a formalización dos contratos de traballo deberá realizarse dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da acción formativa. O temario do curso inclúese no anexo a este convenio.

SEGUNDA.- Compromisos de LINORSA

A empresa LINORSA organizará, impartirá, avaliará e fará unha memoria final e cantas outras accións sexan necesarias para realizar cos seus propios medios o curso, motivo deste convenio, para o que contará co material, seguros, persoal técnico e instalacións necesarios para o seu correcto desenvolvemento. Posteriormente, dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da acción formativa, contratará, cunha duración mínima de 3 meses, a un mínimo do 50 % do alumnado que remate satisfactoriamente o curso.

Ademais deste compromiso, serán obrigas da empresa LINORSA, as consignadas no artigo 14.1 LXS.

TERCEIRA.- Compromisos do Concello de Vigo

O Concello de Vigo afrontará os gastos polo importe estipulado. Así mesmo, realizará a selección das persoas candidatas a través do equipo técnico do Servizo de orientación laboral en colaboración coa empresa, controlará o desenvolvemento do curso e recompilará toda a documentación e información relativa a este que considere oportuna para o seu bo fin e xustificación.

CUARTA.- Seguimento do Convenio

Para o seguimento do convenio, así como para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por un/unha representante por cada parte asinante. A Comisión de Seguimento será presidida por un representante municipal e deberá reunirse cando as partes o acorden. O/A representante municipal na Comisión de Seguimento será nomeado/a pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

QUINTA.- Incumprimento do Convenio

O incumprimento do especificado nas cláusulas poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.

Como norma última, será o Concello de Vigo o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ao presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

SEXTA.- Vixencia do Convenio

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura, e estará vixente ata o cumprimento do obxecto do mesmo, é dicir, noventa días despois da data de finalización da acción formativa.

SÉTIMA.- Relación contractual

A sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha con este Concello de Vigo por parte do persoal encargado da organización, impartición ou calquera outra tarefa no desenvolvemento do curso.

OITAVA.- Forma de pago

O Concello de Vigo afrontará os gastos por un importe de 7.525,00€. No referido ao pagamento da cantidade acordada como presuposto das actividades formativas, motivo do presente convenio, o Concello aboará esta cantidade nun único pago ao remate da acción formativa.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no convenio de subvención deberá documentarse en forma de conta xustificativa, á que se deberá achegar os xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención. A súa presentación realizarase como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade subvencionada (artigo 30 LXS)

Este gasto farase con cargo á partida orzamentaria 3220 470 00 00 “Programas de axudas á inserción laboral” do presuposto vixente.

CLÁUSULA FINAL

“Serán finalmente de aplicación ó presente convenio as normas da Lei xeral de subvencións, sobre causas de invalidez do convenio (artigo 36 LXS), causas e réxime de reintegro das subvencións (artigo 37 LXS), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral con carácter pleno ou supletorio, de acordo coa Disposición Final Primeira LXS, no non previsto no convenio, as demais normas da Lei xeral de subvencións, a lexislación básica do Estado de réxime local, as restantes normas de dereito administrativo, as bases de execución do presuposto vixente e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do TRLCAP para resolve-las dúbidas e lagoas que puideran presentar”.

E, en sinal de conformidade, as dúas partes asinan este convenio que se expide por triplicado e a un só efecto, no lugar e data que se indican máis abaixo.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1007).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS

Examinada a relación de xustificantes de libramentos remitida por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD, SANTIAGO	002584	5.000,00	4.041,34	958,66	
CABRERA RIANDE, JORGE	006002	600,00	562,80	37,20	
CABRERA RIANDE, JORGE	013201	311,21	311,21	----	
CASTILLO MARTÍN, CARMELO	001200	3.000,00	2.989,02	10,98	
NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
CASTILLO MARTÍN, CARMELO	003794	500,00	500,00	----	
ESPADA RE CAREY, LUIS	003357	1.000,00	823,58	176,42	
ESPADA RE CAREY, LUIS	003358	1.000,00	1.000,00	----	
ESPADA RE CAREY, LUIS	003365	1.000,00	232,06	767,94	
ESPADA RE CAREY, LUIS	003366	1.000,00	511,16	488,84	
ESPADA RE CAREY, LUIS	019280	12.000,00	12.000,00	----	
GÓMEZ GARCÍA, CRISTINA	021346	442,00	442,00	----	
GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ, LUZ MARÍA	001898	130.037,00	130.007,16	29,84	
GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ, LUZ MARÍA	007004	108.913,65	108.684,71	228,94	
GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ, LUZ MARÍA	010394	19.500,00	19.500,00	----	
GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ, LUZ MARÍA	019277	51.572,00	51.572,00	----	
GONZÁLEZ ROCA, JESÚS	019279	200,00	200,00	----	
IGLESIAS BUENO, MARTA	008398	800,00	10,75	789,25	
IGLESIAS BUENO, MARTA	008433	1.100,00	693,55	406,45	
IGLESIAS RODRÍGUEZ, LAURA	017437	45,00	45,00	----	
LÓPEZ MOURE, JESÚS	003788	8.642,00	8.642,00	----	
LÓPEZ MOURE, JESÚS	003793	3.637,20	3.637,20	----	

LÓPEZ MOURE, JESÚS	016319	48.053,60	48.053,60	----	
LÓPEZ MOURE, JESÚS	017436	1.348,20	1.348,20	----	
LÓPEZ MOURE, JESÚS	019562	5.684,00	5.684,00	----	
LÓPEZ MOURE, JESÚS	020726	30.055,92	30.055,92	----	
LÓPEZ MOURE, JESÚS	022319	5.800,00	5.800,00	----	
LÓPEZ MOURE, JESÚS	026182	21.506,40	21.506,40	----	
NOVOA SEJO, MANUEL VICENTE	026973	170,00	170,00	----	
RIESGO BOLUDA, JOSE	013372	79,19	79,19	----	
SALVADORES CANEDO, TERESA	010433	3.000,00	1.922,95	1.077,05	
SAN LUIS COSTAS, AVELINO	020733	29.849,60	29.861,23	----	11,63
SOTO ÁLVAREZ, CARLOS	006198	46.500,00	49.360,47	23,61	
SOTO ÁLVAREZ, CARLOS	006199	6.000,00	----	6.000,00	
SOTO ÁLVAREZ, CARLOS	006202	5.000,00	523,61	4.476,39	
SOTO ÁLVAREZ, CARLOS	006203	2.500,00	568,71	1.931,29	
SOTO ÁLVAREZ, CARLOS	006205	2.000,00	----	2.000,00	
SOTO ÁLVAREZ, CARLOS	006206	5.000,00	1.958,54	157,38	
SOTO ÁLVAREZ, CARLOS	010429	3.000,00	2.596,81	403,19	
VIEITES ALÉN, JOSÉ MANUEL	013197	299,00	299,00	----	
VIEITES ALÉN, JOSÉ MANUEL	013198	300,00	159,81	140,19	
VIEITES ALÉN, JOSÉ MANUEL	013199	14,11	14,11	----	
		566.460,08	546.368,09	20.103,62	11,63

15(1008).- PROPOSTA DE ENCOMENDA A AQUALIA PCC VIGO UTE DA EXECUCIÓN DE VARIOS PROXECTOS DE OBRAS. EXPTE 52145/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 05-06-07 do xefe de Servizo de Investimentos conformada polo concelleiro delegado de Servizos Xerais que di o seguinte:

“Mediante escritos, presentados no Rexistro Xeral deste concello, pola entidade concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, AQUALIA FCC VIGO UTE, solicita a preceptiva autorización desta administración municipal para a execución das obras que a marxe se reseñan, segundo os orzamentos de contrata (IVE excluído) que en cada caso se indican:

1.-	Reposición do pavimento en travesía de Espiñeiro (baixada á praia de A lagoa-Teis)	23.862,63€
2.-	Saneamento R/ Joaquín Loriga	11.199,32€
3.-	Reposición do colector no camiño Ferreira (Bembrive)	13.940,21€
4.-	Recuperación fonte pública de Gandufe e Canalización Pluviais en Saiáns	9.907,51€
5.-	Ampliación colector veciñal para acometida domiciliaria	<u>4.022,44€</u>
	TOTAL	62.932,11€

Con data 5 de marzo de 2007 o Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras emite informe, que é conformado polo Conselleiro Delegado do Área de Servizos Xerais no que se xustifica a necesidade de levar a efecto as referidas obras, considerándose as mesmas de inaprazable execución, todo isto debido o razoados motivos que se expoñen no mencionado informe.

O saldo existente en concepto de cotas de enganche, a 31 de marzo de 2007 ascende a cantidade de 107.261,08€, cuíos fondos dispoñibles poden afectarse ó financiamento de obras de infraestrutura (substitución ou ampliación) das infraestruturas de abastecemento e saneamento, en virtude do acordo adoptado polo pleno da corporación municipal, na sesión de data 13 de decembro de 1997.

A adopción do acordo de financiamento das obras propostas pola entidade concesionaria en ningún caso afectaría a retribución da UTE AQUALIA FCC, toda vez que os ditos ingresos (cotas de enganche) non se destinan a cobertura do custo do servizo, que por outra parte esta garantizada mediante a exacción das taxas polo consumo de auga potable e utilización das redes de abastecemento e depuración de augas residuais.

En concordancia co que antecede esta xefatura PROPÓN A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1º.- Encomendar a entidade concesionaria do servizo AQUALIA FCC VIGO UTE a execución dos proxectos ós que se fan referencia no presente informe, por un importe conxunto de 62.932,11€ (orzamento de contrata, IVE excluído).

2º.- Os pagamentos efectivamente realizados pola concesionaria do servizo para levar a efecto as ditas actuacións financiaranse con cargo os fondos dispoñibles en concepto de cotas de enganche.

3º Unha vez concluídas as actuacións inversoras, a entidade concesionaria do servizo instará desta administración municipal a adopción do oportuno acordo de recoñecemento de inversión, a través da achega da seguinte documentación:

- Encargo do proxecto ou acordo.
- Informe do Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras.
- Certificación final de obra.
- Certificacións de obras emitidas polos contratistas.
- Cerificación do pagamento efectivamente realizado.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1009).- SOLICITUDE DE CÓMPUTO COMO INVESTIMENTO CON CARGO ÓS INGRESOS POR COTAS DE ENGANCHE DE CANTIDADE CORRESPONDENTE Ó INVESTIMENTO EXECUTADO ATA O 31.01.07 PENDENTE DE RECOÑECER. EXPTE. 100997/140.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 05-06-07 asinado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras e polo xefe do Servizo de Investimentos, conformado polo concelleiro delegado de Servizos Xerais, que di o seguinte:

“Con data 23 de febrero de 2007 a entidade concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento (AQUALIA) presentou no Rexistro Xeral deste concello a oportuna solicitude para o recoñecemento dos investimentos efectuados pola dita empresa, con cargo os ingresos obtidos en concepto de cotas de enganche, por importe de 1.162.524,61€, según a relación que se achega en anexo.

A cota unificada de enganche esta debidamente recollida na Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas pola "Prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais", tipificándose como un ingreso realizado por aqueles usuarios, que dispoñan de acometida, que houbera sido executada directamente pola entidade concesionaria (plan de investimentos), pola administración municipal ou que a súa implantación se derive dun proxecto financiado pola Comunidade Autónoma ou outros organismos de carácter público.

Con arraxo a definición que das "cotas de enganche" esbózase no parágrafo precedente, debe entenderse que a administración municipal, a través da dita exacción, pretende recuperar os investimentos efectuados nas redes de abastecemento e saneamento e cos ingresos obtidos destinalos a actuacións de natureza inversora, consistentes na ampliación e mellora das infraestruturas actualmente existentes.

En tal sentido debe entenderse o acordo adoptado polo Pleno desta Corporación Municipal en sesión de data 13 de decembro de 1997 que, a proposta desta xefatura establece o procedemento de regulación dos ingresos obtidos pola concesionaria en concepto de cotas de enganche e especificamente establece que o importe íntegro das mesmas destinarase ó financiamento dos proxectos de infraestrutura de abastecemento e saneamento (incluídos os de mellora e renovación).

En consonancia co anteriormente exposto os ingresos obtidos pola concesionaria en concepto de cotas de enganche non son necesarios para equilibrar a retribución da concesión, que conta para isto cos ingresos ordinarios, devengados con carácter bimestral como consecuencia do consumo de auga potable e a eliminación de augas residuais segundo as tarifas progresivas (por escalóns de consumo) recollidas na Ordenanza Fiscal Reguladora.

O recoñecemento de investimentos que nos ocupa foi analizado por esta xefatura, a través da esixencia da seguinte documentación administrativa:

- Título do proxecto*
- Encargo do traballo ou adxudicación*
- Certificación do pagamento efectivamente realizado*
- Informes técnicos*
- Importe do investimento*

Unha vez examinada a documentación aportada, a petición desta xefatura o funcionario informante entende que esta plenamente xustificada a petición formulada pola entidade concesionaria en relación coas obras executadas, polo que se estima procedente a adopción do seguinte acordo:

“Recoñecer a cantidade de 1.162.524,61€, correspondente ós proxectos técnicos e orzamento de execución que se recollen no anexo, en concepto de investimentos efectuadas pola entidade concesionaria con cargo os ingresos obtidos por cotas de enganche, o amparo do acordo plenario de data 13 de decembro de 1997 e en cumprimento do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 14 de decembro de 2005.”

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1010).- EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA O ANO 2007. EXPTE. 2918/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 21.05.07 da técnica do Departamento de Muller, conformado pola concelleira-delegada de Muller e informado fiscalmente en data 04.06.07 polo interventor xeral que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local do día 12 de marzo de 2007 aprobou as bases e a convocatoria específica de subvencións da Concellaría da Muller para o ano 2007.

As bases e a convocatoria publicáronse no BOP o día 21 de marzo de 2007, polo que o prazo para presentar solicitudes rematou o día 10 de abril de 2007.

Neste departamento recibíronse 78 solicitudes que corresponden a 56 entidades; unha delas presentada fora de prazo pola Asociación Española Contra el Cáncer presentada no Rexistro Xeral o 16/04/07. Recibidas as solicitudes, procedeuse ao seu estudo e da documentación que debe acompañalas. As solicitudes que tiñan deficiencias ou carencias na documentación requeriúselles para que no prazo de dez días, que se contaron dende a recepción da notificación, corruxiran as faltas e achegaran os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, se desestimaría a súa petición, que se arquivará sen máis trámites ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992 (base Oitava).

Rematada a instrucción do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada pola Concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local que actuou como presidenta, e a técnica do departamento da Muller. A Comisión constituíuse o día 18 de maio de 2007 có obxecto de valorar a solicitudes presentadas. (a acta da comisión incorpórase ao expediente).

En aplicación das bases da convocatoria e previos os preceptivos informes, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

“1º.- Aprobar a concesión das seguintes solicitudes de subvención, polos conceptos e contías que se indican, remitindo a cada entidade beneficiaria un resumo das base Oitava, Novena, Décima e Undécima, que indican as obrigas que han de reunir as entidades beneficiarias durante todo o proceso e que de seguido dín:

OITAVA.- Resolución da convocatoria e publicidade.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspondelle ao Departamento da Muller da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei Xeral de Subvencións.

As solicitudes de subvención para cada un dos programas serán avaliadas conforme ós criterios sinalados anteriormente, pola Comisión de Valoración, órgano colexiado composto pola Concelleira delegada da área de

Muller que actuará como presidenta, a técnica do departamento da muller, e unha técnica/o municipal ou funcionaria/o que se designe que actuará como secretaria/o.

A Comisión de Valoración poderá:

- 1.- Acadar cantos informes estime necesarios para resolver.*
- 2.- Solicitar a reformulación da solicitude e do proxecto, no caso de que o importe da subvención proposta na resolución provisional sexa inferior ao 25 % da subvención solicitada, axustando os compromisos de gastos á subvención outorgada, respectando o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención.*
- 3.- Emitir informe respecto das solicitudes de subvención*

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución motivada de concesión das axudas ou desestimación do resto das solicitudes, no prazo de seis meses que contará dende a data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles ás persoas interesadas conforme ao previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As subvencións concedidas por importe superior ós 3.000 € publicaranse no BOP con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, a entidade beneficiaria, cantidade concedida e finalidade da subvención. O resto das subvencións publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima ás entidades para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contía (tras modificación dada pola Lei 19/2003, de 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo destas e da documentación que debe de acompañalas. Se a solicitude, documentación e información presentada non reúne os requisitos esixidos nestas bases, o/a interesado/a será requerido/a para que no prazo de dez días, que se contarán dende o día seguinte á recepción da notificación, corrixa as faltas e achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, se desestimará a súa petición, que se arquivará sen máis trámites ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.

A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes á que se refire á base quinta e valoraranse as restante solicitudes, conforme co establecido na base setima.

A subvención concedida financia a actividade no seu conxunto; o desglose do orzamento que se debe detallar no apartado 4. do anexo II só ten efectos informativos non sendo vinculante de cara a xustificación da actividade subvencionada.

Unha vez que o Concello de Vigo notifique a contía e obxecto da subvención a entidade remitirá no prazo máximo de quince días, que contará desde o día seguinte da data de notificación, os seguintes datos:

Calendario, horario e local de realización.

Indicación da/s actividade/s subvencionada/s que será obxecto da xustificación por parte da entidade.

Data de inauguración e/ou clausura do evento.

Sempre que fose posible, o deseño da propaganda a imprimir, para conformar pola Concellaría da Muller. A tal fin entregárase cunha semana de antelación os modelos de convocatoria e outros impresos. A conformidade darase por escrito no marxe do documento antes da súa impresión.

No caso de que unha vez resolta a convocatoria pública de subvencións e no transcurso do exercicio quedase crédito sen aplicación na partida correspondente, poderase atender aquelas solicitudes que non acadasen subvención, sempre que estas solicitudes fosen presentadas no seu momento dentro da convocatoria, atendendo aos criterios, requisitos, procedementos e outros extremos expostos nestas bases.

NOVENA.- Obrigas que asumen as entidades subvencionadas.

As entidades beneficiarias das subvencións conforme a presente normativa, quedan na obriga dos seguintes apartados:

1.- Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autor, etc...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.

2.- Informar e publicitar as actividades e servizos subvencionados, facendo constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda “Colabora o Concello de Vigo-Concellaría da Muller”, coa incorporación que subministrará o Servizo de Muller mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

3.- Comunicar calquera eventualidade na programación da proposta realizada, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.

5.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

6.-Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.

7.-Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

8.-Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor/a e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención

9.-Estar ao corrente nos pagamentos ao Concello de Vigo, así como das restante obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de ser o caso.

10.-A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. A Concellaría da Muller estudará cál sería a lingua que empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización Lingüística do Concello de Vigo.

11.- As demais obrigas establecidas no art. 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións e o R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

DÉCIMA.- Aboamento.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

Procederase ao pago parcial e redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- o Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe total establecido no proxecto.
- o Pola obtención de maior financiamento do previsto no proxecto.
- o Polo incumprimento das obrigas do beneficiario

As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento da parte proporcional correspondente, será competencia da Concelleira delegada de Muller.

UNDÉCIMA.- Xustificación .

A xustificación realizarase mediante rendición de conta xustificativa do gasto realizado antes do 15 de decembro do correspondente exercicio económico.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio da entidade beneficiaria ou da entidade colaboradora e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade da persoa declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

I. A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos asinada pola persoa responsable da actividade, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:

- a. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
- b. Datas e lugar de celebración.
- c. Datos sobre participantes: número, perfil, etc. e explicación do desenvolvemento da actividade.
- d. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación das/os participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
- e. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario deberá indicarse este extremo.

2) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- a. Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do/a acredor/a e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
- b. Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas conformadas, polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

1. Número e no seu caso serie.
2. Nome e apelidos ou denominación fiscal.
3. Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
4. Enderezo (tanto do/a expendedor/a como do/a tomador/a da factura)
5. Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
6. Lugar e data de emisión.
- Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan á entidade beneficiaria da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia

4. Declaración xurada da entidade perceptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonadas ás/ós seus expedicionarias/os ou, no seu caso, ás/ós titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

5.- A concellería da Muller poderá solicitar cantos datos sexan necesarios para axustarse ás medicións de items e demais aspectos metodolóxicos que se fixen para as avaliacións do “II plan municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004/2007” e o “III plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do concello de Vigo 2005/2007”.

II.Procedemento:

a) Se no exame da documentación presentada, esta se atopa incompleta ou figuran defectos, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días naturais para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales sen efectuar esta, se lles tería por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

b) As entidades beneficiarias xustificarán a proposta subvencionada nos 30 días hábiles seguintes a súa finalización, e en todo caso, antes do 15 de decembro do 2007. De non cumprirse este requisito, perderase o dereito a percibir a axuda.

c) Considerarase gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquera documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na convocatoria e responda á natureza da actividade subvencionada.

d) No caso de que a entidade beneficiaria xustifique gasto inferior ao 50% do importe subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

e) O persoal técnico do servizo da muller será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

III. Reformulación de proxectos:

No caso de que unha asociación non puidese, excepcionalmente, desenvolver algunha das actividades subvencionadas, poderáselle propor á Concellería de Muller, o proxecto alternativo que se considere máis adecuado para o destino do importe subvencionado.

Os cambios propostos serán debidamente razoados, e presentados con, canda menos un mes de antelación á execución prevista. As propostas de cambio formuladas pola entidade, nunca se referirán á máis dun proxecto.

Serán valorados igualmente segundo os criterios establecidos nestas bases e deberán xustificarse nos prazos e condicións.

Os novos proxectos deberán cumprir as seguintes condicións:

- enmarcarse dentro do programa e obxectivos previstos nestas bases
- ser de igual nivel técnico que o proxecto o cal substitúe
- ser presentados cumprindo as mesmas condicións e a mesma forma establecida nestas bases.

En calquer caso, será a Concellaría da Muller quen valore a excepcionalidade dos cambios e as razóns aducidas para iso, co obxecto de ser admitidos ou non, a trámite. O prazo de resolución da solicitude de modificación da concesión será dun mes que contará dende a súa entrada no Rexistro Xeral. Transcorrido o prazo sen resolución expresa entenderase estimada a solicitude.

RELACIÓN DE ENTIDADES BENEFICIARIAS DA AXUDA:

ASOCIACIÓNS DE MULLERES/PROXECTOS E PRESUPOSTOS

Asociación	GASTOS PROXECTOS	CIF	Solicitan €	Contía concedida
Asociación de Mulleres Lúa		G36662971	1.800,00	600,00.-€
Festa homenaxe “As Nais”	2.000,00			
Gimnasia	2.745,00			
Empresarias da Provincia de Pontevedra		G36710234	5.853,00	2.000,00.-€
Xornadas fomento asociacionismo empresarial	3.103,00			para a realización do proxecto
Asistencia a congresos	5.000,00			“Xornadas fomento asociacionismo empresarial”
Para a Promoción da Muller Concepción Arenal		G36708139	1.890,00	1.200,00.-€
Muller e os seus dereitos	1.890,00			
Colectivo Violeta		G36866234	800,00	600,00.-€
Exposición colectiva de pintoras	450,00			
Exposición colectiva de fotografías	450,00			
Progresistas de Vigo		G36657336	2.990,00	1.600,00.-€
II Premio relatos mulleres progresistas	2.990,00			
Coord. Na. Galega Marcha Mundial das Mulleres		G15773013	7.050,00	2.000,00.-€
Corresponsabilidade: cambio de papeis e estereotipos sociais	3.550,00			
Andar por outros camiños	5.200,00			
Visibilización das causas e consecuencias da violencia de xénero	4.000,00			
Grupo Estudos sobre a condición da muller Alecrín		G36633154	8.500,00	2.200,00.-€
Club de cultura Alecrín	12.155,67			
Cabral “Rosalía de Castro”		G36688992	2.750,00	1.500,00.-€
Curso de manualidades	2.150,00			para a realización dos proxectos
Circuíto Balnearios	3.750,00			“Circuíto balnearios” e/ou
Curso de Ximnasia	2.490,00			“Curso de ximnasia”
Rede de Mulleres Veciñais Contra Os Malos Tratos		G36928646	2.655,00	2.655.-€

Foro: <i>Etnia e inserción social feminina</i>	2.655,00			
Asociación	GASTOS PROXECTOS	CIF	Solicitan €	Contía concedida
Asociación de Mulleres de Bouzas		G36805851	2.620,00	800,00.-€
Curso Inglés básico	2.620,00			
Mulheres Nacionalistas Galegas		G36767119	17.805,00	2.276,00.-€
Edición libro das xornadas feminismo e laicismo	5.750,00			
Publicación 20 aniversario de M.N.G.	5.975,00			
Filme MNG 20 anos desafiando o patriarcado	6.080,00			

SECRETARIAS DA MULLER DE SINDICATOS

	GASTOS PROXECTOS	CIF	Solicitan €:	Concedida
Confederación Intersindical Galega CIG		G36706927	24.219,70	5.200,00.-€ para a realización do “XII Encontro sindical”
XII Encontro sindical da muller	20.129,11			
Estudo muller e formación ocupacional	12.000,00			
III Xornadas normativa laboral “Ferramenta de igualdade”	5.510,00			
Unión Xeral de Traballadores Vigo UGT		G15383011	12.609,00	5.200,00.-€ para a realización do “XII Encontro sindical”
XII Encontro sindical	20.129,11			
Sindicalismo en Feminino logros e retos	6.709,00			
Acoso no traballo	3.300,00			
A muller inmigrante: dobre discriminación	2.600,00			
CC. OO Unión Comarcal de Vigo		G15103112	8.714,93	5.200,00.-€ para a realización do “XII Encontro sindical”
Mobbing o acoso moral no traballo	1.587,13			
Igualdade de trato e oportunidades	1.703,86			
XII Encontro sindical	20.129,11			

VOCALÍAS DA MULLER FEDERADAS

Vocalía	GASTOS PROXECTOS	CIF	Solicitan €	Contía concedida
A.VV. da Salgueira Rosalía de Castro		G36644904	750,00	750,00.-€
Relaxación	1.500,00			
Federación de AA. VV. Eduardo Chao		G36681708	2.000,00	2.000,00.-€
Xornadas de encontro e reflexión	3.200,00			
A.VV. Camiño Vello de Coia		G36648186	2.000,00	1.300,00.-€
Axilidade mental	2.600,00			
A.V.Socio Cultural Deportiva de San Miguel de Oia		G36648640	7.000,00	1.200,00.-€ para a realización dos proxectos :Taichí, Ioga, Baile Galego e
Actividades – Taichí	3.100,00			
Ioga	3.500,00			
Baile Galego e Pandereta	2.300,00			
Baile Salon	2.600,00			

Aerobic	3.500,00			Pandereta, Baile salón, Aerobic, Festival fin de curso e/ou intercambio vocalías
Pintura Oleo	2.200,00			
Bolillos	2.400,00			
Festival fin de curso	5.750,00			
Intercambio vocalías	5.550,00			
A.VV. de Teis		G36646545	2.700,00	1.000,00.-€
Programa de formación para mulleres	3.980,00			
A.VV. de Beade		G36632081	1.800,00	1.500,00.-€
“Practica” dende a gramática ata a comprensión	2.130,00			
A.VV. Agarimo San Xoan Poulo		G36641355	2.200,00	1.000,00.-€
Ximnasia mantemento da saúde	2.300,00			
Ioga	2.600,00			
A.VV. San Pedro de Matamá La Unión		G36654036	3.510,00	1.200,00.-€ para a realización dos cursos: “psicloxía social da saúde” e/ou “Informática”
Curso de psicloxía social da saúde	1.130,00			
Curso de cocina	1.130,00			
Curso de informática	1.250,00			
A.VV. da Vila de Bouzas Dr. José Casas de Vigo		G36641033	1.775,00	600,00.-€
Perfeccionamento encaixe de palillos	1.775,00			
A.V.C.R. San Mamed de Zamáns		G36691855	1.500,00	600,00.-€
Perfeccionamento enxaixe de palillos	1.680,00			
A.VV. Monte da Mina de Castrelos		G36623593	1.110,00	600,00.-€
Día da muller traballadora	1.110,00			
A.V. Doutor Fleming		G36709004	2.400,00	1.200,00.-€
Curso “Ocuparse dos demais ¿e nos que?”	2.850,00			
A.V.C.D. de Consumidores e Usuarios de Lavadores		G36633618	1.213,00	1.213,00.-€
A túa saúde tamén conta	1.413,00			
A.V.C. e D. San Xurxo de Saians Vigo		G36648988	2.500,00	1.500,00.-€
Desenvolvemento persoal	2.500,00			
A.V.C.D. Val do Fragoso		G36640860	2.000,00	1.000,00.-€
“Mulleribus” Outono cultural da muller	2.580,00			
U.V.C. e D. de Candeán		G36863348	2.500,00	1.200,00.-€
Xardinería	2.500,00			
C.C.A. e R. de Valladares		G36617082	8.600,00	1.500,00.-€
Ocupate, consérvate e divírtete	31.680,00			
A.VV. de San Pedro de Sárdoma O Carballo		G36649325	3.000,00	1.200,00.-€
Ximnasia mantemento	4.554,50			
A.VV. Fonte do Galo Vigo Centro Norte		G36655017	2.000,00	1.200,00.-€
Curso Entrenamento da memoria	3.000,00			
A. VV. “Emilio Crespo” San Paio de Navia		G36648608	5.460,00	1.000,00.-€
Semana contra violencia hacia as mulleres	5.460,00			

VOCALÍAS DA MULER NON FEDERADAS

<i>Vocalía</i>	<i>GASTOS PROXECTOS</i>	<i>CIF</i>	<i>Solicitan €</i>	<i>Contía concedida</i>
A.C. do Calvario <i>Informática-Internet</i>	2.500,00	G36648293	1.500,00	1.500,00.-€
S.C.R. e D. Helios <i>Ximnasia de mantemento</i> <i>Baile de salon</i> <i>Pintura ó oleo</i>	1.975,00 1.060,00 1.285,00	G36633428	2.450,00	1.200,00.- para a realización dos cursos: “Ximnasia mantemento” e/ou “Baile de salón”
Asociación de Persoas Sordas de Vigo “III Encontro mulleres Xordas”	556,00	G36622835	406,00	406,00.-€
Asociación Galega Amigos do Rocío de Vigo <i>Exercitar a memoria</i> <i>Iniciación e perfeccionamento a artesanía</i>	1.100,00 1.850,00	G36820637	1.700,00	1.000,00.-€ para a realización do curso “Exercitar a a memoria”
Asociación de Viudos/as Unión y Amistad de Vigo <i>Asistencia á muller</i>	4.200,00	G36715670	2.700,00	1.000,00.-€
C.R.C. de Cabral <i>Exposición traballos das mulleres</i> <i>Excursión Cultural Comarca do Bierzo</i> <i>Curso Manualidades</i>	252,70 4.715,00 985,00	G36658680	600,00	600,00.-€
Unión Cívica Municipal de Consumidores e Amas do Fogar de Vigo <i>Obradoiro de teatro</i>	2.880,00	G36758167	2.880,00	1.500,00.-€
Asociación de Veciños Plaza da Miñoa <i>Módulo de iniciación a Word</i>	1.980,00	G36842284	1.300,00	1.500,00.-€

OUTROS

<i>Asociación</i>	<i>GASTOS PROXECTOS</i>	<i>CIF</i>	<i>Solicitan €</i>	<i>Contía concedida</i>
Asociación Gamboa Club Cultural <i>Ciclo de Historia e Literatura Galega</i>	2.020,00	G36812535	2.000,00	1.000,00.-€
Asociación Viguesa de Alcohología ASVIDAL “Mellora da calidade de vida desde unha perspectiva de xénero II”	2.700,00	G36627453	2.700,00	1.500,00.-€
Asociación Axuda ó Toxicómano ERGUETE <i>Relaxia III</i>	4.400,00	G36642726	3.400,00	1.000,00.-€
Asociación Síndrome de Down <i>Educación afectivo-sexual para mulleres con discapacidade psíquica</i>	6.420,75	G36697324	2.889,34	1.500,00.-€

Médicos do Mundo Programa de atención sociosanitaria a mulleres en situación de risco na cidade	27.248,33	G79408852	10.081,33	1.000,00.-€
Asociación	GASTOS PROXECTOS	CIF	Solicitan €	Contía concedida
Asoc. Jóvenes Empresarios de Galicia, AJE Vigo "Únete a elas 2007"		G36905040	5.406,00	1.000,00.-€
Jornada de negocios "Únete a ellas 2007"	3.917,00			
Jornada alta dirección empresarial	2.989,00			
Asociación Xogais Cursos formativos "A xubilación e a menopausia. Afrontar a idade"	2.992,50	G36917037	8.332,50	1.000,00.-€
"Educar os teus fillos en igualdade"	2.992,50			
Revista Pioneiras	10.680,00			
Casa de Andalucía en Vigo Taller Cocina y restauración	784,00	G36621290	1.274,00	600,00.-€
Arte o arreglo floral	890,00			para a realización
Charla-coloquio "La mujer en la cultura andalusí" (o similar)	600,00			dos cursos "Arte e arreglo floral" e/ou a charla "La mujer en la cultura andalusí"
Asociación Galicia Acolle Programa de intervención psicosocial para mulleres inmigrantes	16.349,50	G15885981	15.099,50	600,00.-€
Fundación Encontro Programa Muller	38.000,00	G36981785	35.000,00	600,00.-€

2º.- Denegar a concesión das seguintes solicitudes de subvención polo motivos que de seguido se indican:

a) Denégase a solicitude presentada pola Entidade Asociación de Mulleres Abaris, CIF G 36866572, por non ter xustificado en tempo e forma a axudas outorgadas neste servizo do Concello de Vigo no ano anterior (punto 7 da base Quinta)

b) Denégase a solicitude presentada pola Entidade Asociación Ciudadana para a prevención da violencia ALIAR, CIF G 36844694, por non presentar no prazo requerido a documentación estipulada no punto 3 da base Sexta.c) Denégase a solicitude presentada pola Entidade Asociación Española contra el Cáncer, CIF G 28197564 por ter presentada a solicitude fora do prazo estipulado nas bases (punto 2 da base Sexta)

d) Denégase a solicitude presentada pola Entidade Asociación Benéfica Beiramar, CIF G 36634608, por considerar que o proxecto presentado ten unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello (punto 2 da base Quinta) e por considerar que o proxecto presentado non reúne as condicións mínimas de interese xeral (punto 8 da base Quinta)".

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1011).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A VV “NOSA TERRA” DE ALCABRE PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, CULTURA E LECER. EXPTE.3289/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 09-03-07 do xefe do Servizo de Participación Cidadá conformado pola delegada do Goberno da área de Participación Cidadá, informado pola Asesoría Xurídica e intervido e conformado pola Intervención Xeral en datas 12 de abril e 5 de xuño, respectivamente, que di o seguinte:

“Na Xunta de Goberno Local de data 7 de agosto de 2006, aprobouse o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a A.VV. "Nosa Terra" de Alcabre, co obxecto de establecer as bases de colaboración entre as dúas entidades a través do financiamento de gastos de mantemento da asociación,,de xeito que este esforzo conxunto permita o fomento e desenvolvemento dun conxunto de acción de carácter organizativo, informativo e sociocomunitario na asociación veciñal.

Tendo en conta que na súa cláusula décima –Vixencia-, establece:

”A vixencia do convenio será do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2006.

De non existir denuncia expresa previa dentro do prazo do mes anterior a súa finalización, poderase prorrogar por períodos anuais naturais tras a solicitude de prorroga da asociación veciñal e acordo dos órganos competentes de ambas as dúas entidades. Recolleranse os novos programas e accións para desenvolver, así como as posibles actualizacións das axudas económicas. En todo caso os gastos subordinaranse a existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos do Concello de Vigo.

En todo caso, a vixencia non excederá do prazo máximo de tres anos.”

Dada a necesidade para esa parroquia e os seus veciños da dispoñibilidade dun local social onde realizar as súas actividades, e en consideración ao interese social, público, e económico que provocan as mesmas, as cales redundan no beneficio da parroquia, e considerando que a Asociación de Veciños Nosa Terra de Alcabre e a principal representante dos veciños desa zona viguesa, xunto coa urxencia e precariedade á que están suxeitos, provoca a excepcionalidade no trámite de falta de publicidade e concorrencia na presente axuda, tratándose por tanto dunha subvención directa das previstas no art. 22.2.c) da citada Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Polo anteriormente exposto propoño a Xunta de Goberno local a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Prorrogar o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños "Nosa Terra" de Alcabre para o fomento das actividades de participación cidadá, cultura, ocio e lecer a través do financiamento do aluguer do local onde se desenvolven estas actividades., desde o 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2007 .

2.- Autorizar o gasto de 2.885,00 €, para financiar o custo de aluguer do local sociocultural da citada asociación veciñal para o ano 2007, con cargo a partida 463.1.489.00.05 do vixente orzamento municipal.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1012).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A A VV PONTENOVA-FREIXEIRO PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, CULTURA E LECER. EXPTE.3293/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 12-04-07 do xefe do Servizo de Participación Cidadá, conformado pola delegada do Goberno da área de Participación Cidadá, informado pola Asesoría Xurídica e intervido e conformado pola Intervención Xeral en datas 18 de abril e 5 de xuño de 2007, respectivamente, que di o seguinte:

“Na Xunta de Goberno Local de data 7 de agosto de 2006, aprobouse o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a A.VV. Pontenova-Freixeiro, co obxecto de establecer as bases de colaboración entre as dúas entidades a través do financiamento de gastos de mantemento da asociación, de xeito que este esforzo conxunto permita o fomento e desenvolvemento dun conxunto de acción de carácter organizativo, informativo e sociocomunitario na asociación veciñal.

Tendo en conta que na súa cláusula décima –Vixencia-, establece:

“A vixencia do convenio será do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2006.

De non existir denuncia expresa previa dentro do prazo do mes anterior a súa finalización, poderase prorrogar por períodos anuais naturais tras a solicitude de prorroga da asociación veciñal e acordo dos órganos competentes de ambas as dúas entidades. Recolleranse os novos programas e accións para desenvolver, así como as posibles actualizacións das axudas económicas. En todo caso os gastos subordinaranse a existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos do Concello de Vigo.

En todo caso, a vixencia non excederá do prazo máximo de tres anos.”

Dada a necesidade para esa parroquia e os seus veciños da dispoñibilidade dun local social onde realizar as súas actividades, e en consideración ao interese social, público, e económico que provocan as mesmas, as cales redundan no beneficio da parroquia, e considerando que a Asociación de Veciños Pontenova-Freixeiro e a principal representante dos veciños desa zona viguesa, xunto coa urxencia e precariedade á que están suxeitos, provoca a excepcionalidade no trámite de falta de publicidade e concorrancia na presente axuda, tratándose por tanto dunha subvención directa das previstas no art. 22.2.c) da citada Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Polo anteriormente exposto propoño a Xunta de Goberno local a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Prorrogar o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños Pontenova-Freixeiro para o fomento das actividades de participación cidadá, cultura, ocio e lecer a través do financiamento do aluguer do local onde se desenvolven estas actividades., desde o 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2007 .

2.- Autorizar o gasto de 2.885,00 €, para financiar o custo de aluguer do local sociocultural da citada asociación veciñal para o ano 2007, con cargo a partida 463.1.489.00.05 do vixente orzamento municipal.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1013).- ADXUDICACIÓNS DE PROCEDEMENTOS NEGOCIADOS PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTES. 1652/421. E 1755/241.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo coa propostada da Mesa de Contratación realizada o 29.05.07, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a Desguaces Mingos, S.L. o alleamento de 136 vehículos para chatarra relacionados no expte 1652-241 por un importe de 8.500 euros.

2º.- Adxudicar a Desguaces Mingos, S.L. o alleamento de 48 vehículos para chatarra relacionados no expte 1755-241 por un importe de 2.700 euros.

21(1014).- MODIFICACIÓN CONTRATO DE OBRAS DE REFORMA DE LOCAL PARA A UBA DE TEIS. EXPTE. 17603/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación de data 10-05-07, conformado polo xefe da área de Contratación e Novos Proxectos, informado e intervido polo interventor xeral e informado pola Asesoría Xurídica en datas 16 e 29 de maio de 2007, respectivamente, que di o seguinte:

“ A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de cembro de 2007 adxudicou á empresa Construcciones Cardeñoso, S.L. a execución das obras de reforma do local para UBAS de Teis por un importe de 166.482 euros.

Os arquitectos municipais encargados da dirección das obras redactan un proxecto modificado sen incremento unha vez comprobada a necesidade de contemplar novas partidas de obra que non se atopaban no contrato, trocando algunhas delas por outras que permiten rematar a obra sen incrementos presupostarios.

O artigo 101 da Lei de contratos das Administracións Públicas establece que o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos elementos que integren o contrato sempre que sexan debidas a necesidades novas ou casuas imprevistas, extremo que queda xustificadamente no expediente.

O contratista presta a súa conformidade coa modificación do contrato con data 8 de maio de 2007.

Por iso, previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE A ADOPCIÓN DO SSEGUINTE ACORDO:

Modificar o contrato de execución das obras de reforma do local para UBAS de Teis subscrito coa empresa Construcciones Cardeñoso, S.L. no sentido de trocar partidas de obra que non se atopaban no contrato por outras que permiten rematar a obra sen incrementos presupostarios.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1015).- INADMISIÓN RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA SOBRE PROPIEDAD DE 140 M2 DE PARCELA CORRESPONDENTE Ó COLEXIO PÚBLICO SANTA TEGRA. EXPTE. 17698/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de maio de 2007 da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo primeiro tenente de alcalde, que di o seguinte:

- “ Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Lei 1/2001, de 7 de enero, de Enxuzamento Civil (LEC).
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.
- Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Real Decreto 1763/1982, de 24 de xullo, sobre Traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade autónoma de Galicia en materia de Educación.
- Texto Refundido da Lei de Ensino Primario, de 2 de febreiro de 1967.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A diócese de Tui-Vigo, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27 de marzo de 2006, solicitou que se eliminasen do Inventario Municipal de Bens e Dereitos 140 m2 correspondentes á propiedade municipal número 86 “grupo escolar Santa Tegra”, que considera que pertencen á diócese por formar parte dunha parcela que lle foi cedida polo Ministerio de Fomento en data 29 de xaneiro de 2002, protocolizada en escritura pública, previa segregación e parcelación dunha finca matriz pertencente ao devandito Ministerio e autorizada polo Consello da Xerencia de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo en data 13 de marzo de 2001.

Segundo.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os Órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe do Sr. Arquitecto da Oficina Técnica de Patrimonio, de data 9 de maio de 2006.

- *Informe do Sr. Topógrafo Municipal do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 23 de xaneiro de 2007.*
- *Informe da Sra. Aparelladora Municipal do Servizo de Educación, de data 1 de febreiro de 2007.*
- *Informe da Sra. Xefa do Servizo de Educación, de data 18 de maio de 2007.*

Así mesmo, en cumprimento dos principios de información e cooperación mutua que rexe as relacións interadministrativas (artigos 4.2 LRJAP e 55 LBRL), deuse traslado da presente reclamación ás administracións estatal e autonómica, por ser interesadas no asunto.

Terceiro.- En trámite de audiencia, como outrosí ó escrito de alegacións presentado, D. José Diéguez Reboredo, en nome e representación da Diócese Tui – Vigo, formula reclamación previa á vía xudicial civil, na que solicita que:

- *Se declare que a finca descrita é de propiedade da diócese.*
- *Se acorde deixar a parcela a disposición da súa lexítima propietaria.*
- *Se abstenga no sucesivo o Concello de Vigo de realizar actos de disposición sobre a mesma, procedendo a súa exclusión do Inventario Municipal de Bens e Dereitos.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRXAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por unha disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que tratase dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais da orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa.

Segundo.- O grupo escolar Santa Tegra figura no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, no epígrafe I Inmóbeis, como propiedade municipal número 86, cualificada como ben de dominio público afectado ó servizo público de educación.

Os 140 m2 correspondentes a esta propiedade municipal obxecto da presente reclamación, segundo informa a Sra. Aparelladora Municipal do Servizo de Educación, atópanse dentro do recinto cerrado do centro e adicados a usos deportivos.

Terceiro.- O grupo escolar Santa Tegra foi construído polo Concello sobre unha parcela propiedade da Administración Xeral do Estado. De acordo co artigo 23 da entón vixente Lei de Construcións Escolares, de 22 de decembro de 1953 (segundo redacción dada pola Lei 86/1964, de 16 decembro de Escolas nacionais) “Todos os edificios escolares e vivendas para mestres existentes no termo municipal onde radiquen as Escolas Nacionais de Ensino Primario serán de propiedade municipal, se ben non poderán adicarse a fins distintos do ensino sen a previa autorización do Ministerio de Educación Nacional”. Neste senso, o artigo 51.1 do Texto Refundido da Lei de Ensino Primario, de 2 de febreiro de 1967 atribuíu ex lege a propiedade dos edificios públicos escolares ós municipios. Situación que non variou dende entón, salvo a denominación do Departamento Ministerial, se ben na actualidade o ensino primario é competencia das respectivas Comunidades Autónomas. Así, no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia, o seu Estatuto de autonomía, no artigo 31, asume como competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo das facultades que atribúen ó Estado os artigos 27 e 149.1.30 da

Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía. En cumprimento destes preceptos o Real Decreto 1763/1982, de 24 de xullo, sobre Traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade autónoma de Galicia en materia de Ensino, transferíu á mesma competencias en materia de ensino non universitario, sendo así mesmo obxecto de traspaso os correspondentes servizos e institucións e medios persoais, materiais e presupostarios precisos para o exercicio daquelas.

Cuarto.- Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, son bens de servizo público os destinados directamente ó cumprimento de fins públicos de responsabilidade das Entidades locais (artigos 265 LALG e 4 RBEL), categoría na que se encadran as escolas, dado que segundo o artigo 25.2.n LBRL o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de participación na programación do ensino e cooperación coa Administración educativa na creación, construción e sostemento dos centros docentes públicos, intervir nos seus órganos de xestión e participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.

Quinto.- A afectación determina a vinculación dos bens e dereitos a un uso xeral ou a un servizo público, e a súa conseqüente integración no dominio público. Os bens e dereitos demaniais so perderán esta condición, adquirindo a de patrimoniais, nos casos nos que se produza a súa desafectación, por deixar de destinarse ó uso xeral ou ó servizo público, desafectación que deberá realizarse sempre de forma expresa (artigos 81 LBRL, 269 LALG e 8 RBEL). Segundo informe da Xefa do Servizo de Educación “o actual CEP Santa Tegra foi constituído neste emprazamento como Agrupación Escolar Mixta Teis-Espiñeiro, mediante Orde Ministerial de 22 de xullo de 1966”. As obras correspondentes á construción do grupo escolar Santa Tegra foron recepciónadas por este Concello en 17 de outubro de 1966 e dende esa data foi adicado ó servizo público de ensino, sen que ata o momento esta Administración realizase acto ningún de desafectación do mesmo.

Sexto.- Os bens e dereitos de dominio público ou demaniais das Administracións públicas, e como tal se clasifican os colexios, están dotados dunha protección xurídica especial, precisamente pola súa natureza de tales. Son inalienábeis, inembargábeis e imprescritíbeis (artigos 132 CE, 6 e 30 LPAP, 266 LALG e 80 LBRL). Trátase de res extra commercium, insusceptíbeis de ser obxecto de propiedade privada, polo que non é posíbel a súa transmisión por ningún título nin están suxeitos a adquisición por prescrición adquisitiva mentres conserven o carácter demanial. E a alteración da súa cualificación xurídica require expediente no que se acrediten a oportunidade e legalidade do cambio de clasificación, agás nos supostos previstos na lei nos que a alteración se produce automaticamente, así como practicar unha información pública e adoptar un acordo expreso co voto favorábel da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (artigos 81 LBRL, 269 LALG e 8 RBEL), non admitíndose a desafectación tácita (STS -Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 7ª- de 2 febreiro 2004). Polo tanto, no caso que nos ocupa, non é posíbel a adquisición pola diócese Tui-Vigo de ningún dereito sobre a parcela reclamada mentres a mesma conserve a afectación ó servizo de ensino.

Sétimo.- A diócese de Tui -Vigo é propietaria dunha parcela colindante coa parcela municipal 86, na que se ubican unha igrexa e unha praza. O seu título de adquisición é a cesión gratuíta da mesma polo Ministerio de Fomento en data 29 de xaneiro de 2002, protocolizada en escritura pública outorgada ante o Notario D. José Piñeiro Prieto e inscrita no Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo, previa segregación e parcelación dunha finca matriz pertencente o devandito Ministerio e autorizada polo Consello da Xerencia do Excmo. Concello de Vigo en data 13 de marzo de 2001. A finca matriz, segundo consta na inscrición rexistral, ten unha superficie de 3. 540 m2, dos cales se segregan e ceden á diócese Tui – Vigo 832 m2 destinados a Igrexa e a praza de entrada ó templo.

No entanto, do levantamento cartográfico da parcela realizado polo Sr. Topógrafo Municipal do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 23 de xaneiro de 2007, resulta unha superficie total da finca matriz de 3.371,00 m², dos cales 2.681,00m² son ocupados polo Colexio Público Santa Tegra e 690,00m² pola parcela pertencente á diocese Tui – Vigo. Ambas as dúas parcelas atópanse separadas por un muro de peche entre ambas, e o acceso principal realízase a través da zona da praza existente. De levarse a cabo a desafectación solicitada, a parcela correspondente á diocese Tui – Vigo de 832,00 m², ocuparía 139,11 m² dos terreos adicados a uso escolar e daría lugar á anulación da praza, quedando o Colexio privado de acceso rodado ó mesmo.

Á vista destes datos, temos que concluír que existe unha discrepancia entre a superficie que figura na inscrición rexistral e a superficie real dos terreos, dando lugar a un exceso de cabida de 169 m². O Ministerio de Fomento, ó realizar a cesión baseándose nos datos rexistrais, cedeu non só a superficie ocupada pola Igrexa, senón tamén a superficie ocupada pola praza e unha porción da parcela ocupada polo colexio, cesión para a cal carece de competencias, pois, de acordo co xa manifestado no fundamento xurídico terceiro do presente informe, a parcela correspondente ó colexio é de propiedade municipal, polo que a cesión, no tocante os 140 m² pertencentes á propiedade municipal 86, é nula de pleno dereito consonte ó artigo 62.1.b LRJAP.

Por outra banda, resulta indubidábel o uso público da praza, estando dotada tamén de servizos públicos (segundo o citado informe do servizo de cartografía existen dous rexistros de saneamento e un de abastecemento, así como un farol de alumeado público), e a súa desafectación e posterior cesión a unha institución privada supón privar de acceso rodado ó centro escolar, e a imposibilidade de que poidan acceder ó mesmo vehículos dos servizos de emerxencia en caso de resultar necesario por calquera continxencia. No entanto, non consta no expediente que o Ministerio de Fomento desafectase a praza antes da súa cesión, desafectación que é requisito imprescindible para a cesión dun ben de dominio público e o seu incumprimento implica a nulidade da cesión efectuada.

Oitavo.- A xestión e a administración dos bens e dereitos demaniais polas Administracións Públicas, de acordo co artigo 6 LPAP, axustarase, entre outros, ó principio de exercicio dilixente das prerrogativas cas leis outorguen ás Administracións públicas, garantindo a súa conservación e integridade. E o artigo 28 do mesmo texto legal impón ás Administracións públicas a obriga de protexer e defender o seu patrimonio. A tal fin, protexerán adecuadamente os bens e dereitos que o integran, procurarán a súa inscrición rexistral, e exercerán as potestades administrativas e accións xudiciais que sexan procedentes.

Noveno.- Nos litixios entre Administracións públicas non caberá interpoñer recurso en vía administrativa. Máis, segundo o artigo 44.1 LJCA cando unha Administración interpoña recurso contencioso-administrativo contra outra, poderá requirila previamente para que derogue a disposición, anule ou revoque o acto, faga cesar ou modifique a actuación material, ou inicie a actividade a que estea obrigada. Requirimento que se entendera rexeitado se, dentro do mes seguinte a súa recepción, o requirido non o contestara.

Décimo.- Consonte o artigo 127.1.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a xestión, adquisición e o alleamento do patrimonio.

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Inadmitir a reclamación administrativa previa ó exercicio de accións na vía xudicial civil formulada por D. José Diéguez Reboredo, en nome e representación da Diocese Tui – Vigo, respecto á propiedade de 140 m² correspondentes á propiedade municipal número 86 “grupo escolar Santa Tegra”.

2º.- Requirir, consonte o artigo 44 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, ó Ministerio de Fomento para que proceda á revisión de oficio do acordo de cesión dunha parcela de 832 m2 sita na urbanización do Grupo de vivendas en Teis, Barrio de Espiñeiro, parroquia de San Ignacio de Loyola, por resultar nula de pleno dereito ó ceder 140 m2 pertencentes á propiedade municipal nº 86 “grupo escolar Santa Tegra máis a superficie correspondente a unha praza de dominio público adicada ó uso público.

3º.- Dar traslado do presente acordo a Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, por si resultare procedente, á vista do exposto no corpo do presente informe, a revisión de oficio do acordo de parcelación da finca matriz pertencente o Ministerio de Fomento sita en Teis – Espiñeiro e autorizada polo Consello da Xerencia en data 13 de marzo de 2001.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a propostas contida no precedente informe.

23(1016).- PROPOSTA DE CESIÓN GRATUITA Á ASOCIACIÓN ASPANAEX DO DEREITO DE USO DUN LOCAL PROPIEDAD MUNICIPAL SITO NA RÚA MESTRES GOLDAR Nº 22. EXPTE.18066/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 07-06-07 do xefe de Patrimonio conformado pola xefa de Réxime Interior e polo 1º Tenente de Alcalde, que di o seguinte:

“1º.- A Asociación ASPANAEX (Asociación en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra), solicitou en data 12 de abril de 2007 a cesión do edificio “Escuela Maestros Goldar nº 22”, de titularidade municipal, coa finalidade de fomentar a estimulación dos sentidos en persoas con discapacidade intelectual, (segundo o proxecto que achega).

2º.- Pola Oficina de Participación Cidadá infórmase en data 16.4.2007 favorablemente a solicitude de cesión formulada, xa que dita entidade desenvolve actividades tanto no campo da formación como no ámbito cultural e deportivo e das interrelacións sociais, sinalando entre outras os programas de adaptación curriculares, hidroterapia, fisioterapia, psicomotricidade, estimulación sensorial, educación física, informática, pretaller, comedor e transporte; as actividades de fútbol, campo a través, natación e xogos de mesa ou a xornada lúdica intercentros, a tradicional marcha ASPANAEX, desenvolvidas principalmente nos Centros de Día e Ocupacional. Así mesmo, tal como achegan no seu proxecto, veñen de crear as Salas Multisensoriales co obxectivo de fomentar a estimulación dos sentidos nas persoas con discapacidade intelectual, actividades todas elas moi ben dirixidas para o sector que representan, polo que consideramos que sacarán proveito do novo espazo cedido. Con todo iso, considerase que ditas actividades redundarán de maneira evidente nos beneficios desta cidade e de todos os seus habitantes, polo que de acordo co disposto no artigo 110.1.a do RBEL, considerase conveniente acceder á cesión do local solicitado.

3º.- Durante a instrución do expediente emitíronse informes pola oficina do Inventario municipal (16.5.07), Intervención Xeral (31.5.2007), e da Xerencia municipal de Urbanismo, oficina de Planeamento e Xestión (18-5-2007), e en cumprimento do disposto no artigo 110 do Regulamento de Bens das Administracións Locais.

Fundamentos de dereito:

PRIMEIRO.- O concello é propietario do edificio sito na rúa Mestres Goldar nº 22, que consta de alta no Inventario municipal de Bens e dereitos no seu epígrafe 1 de bens inmóbeis co código de propiedade 000026, que foi obxecto de alteración da súa natureza xurídica, desafectándoa ao servizo público educativo, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2005.

SEGUNDO.- A Asociación ASPANAEX figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións dende o ano 1990, co nº 139-90, baixo o epígrafe 01: “Asistencia e Saúde”, ámbito temático: “Afectados por discapacidade, enfermidades, necesidades físicas especiais: Psíquicas”.

TERCEIRO.- As Entidades Locais teñen plena capacidade xurídica para a xestión e alleamento do seu patrimonio recoñecendoselle polo regulamento xurídico a facultade de cesión gratuita dos seus bens patrimoniais á Entidades ou Institucións Privadas de interese público sen ánimo de lucro, e para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal. (artigo 276 da Lei 5/97 da Administración local de Galicia e artigo 109 e seguintes do RD 1372/86 de Bens das Entidades Locais)-

CUARTO.- Resulta competente para a adopción do acordo, de aprobación inicial da cesión gratuita en precario do uso do devandito local, e nas condicións que se sinalan na proposta que de seguido se formula á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127. 1 f da Lei 7/85 Reguladora de Bases de Réxime Local, trala súa modificación introducida por Lei 57/2003.

Polo anteriormente exposto faise á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

1º “Aprobar inicialmente a cesión gratuita e en precario á Asociación ASPANAEX o dereito de uso do local propiedade municipal sito na rúa Mestres Goldar nº 22, con suxeición ás seguintes cláusulas:

- O prazo da cesión é por 5 anos, prorrogábel por anualidades ata un máximo de dúas, previa solicitude da cesionaria cunha antelación de tres meses ao remate do prazo inicial, requirindo o acordo expreso do Concello outorgándoa.*
- A Asociación beneficiaria destinará o local ao Proxecto de aulas de estimulación multisensorial.*
- A entidade usuaria está obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade civil xeral, incluíndo a respnsabilidade civil por danos que poida causar a entidade á terceiros, na súa condición de usuario da propiedade municipal, tendo en conta ao Concello como un dos asegurados. Así mesmo incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquer dano que poida ocasionar ao local polos actos ou omisións de carácter negligente cun límite de indemnización mínima de 300.506,05 €.*
- A entidade usuaria do ben non está en relación de dependencia respecto do concello de Vigo como entidade cedente.*
- Será por conta da Asociación usuaria todos os gastos de mantemento e conservación do local, así como do subministro de auga, electricidade, teléfono e demais semellantes dos que dispoña.*
- A cesión extinguirase: polo transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada ou das súas prórrogas; pola renuncia da Asociación á dita cesión; polo incumprimento dos fins e actividades para os que foi cedida, ou das condicións nas que foi outorgada; pola disolución da Asociación, e pola reclamación do ben, feita polo concello*

de Vigo cando por motivo de interese público municipal así o requira, e previa reclamación á entidade usuaria cunha antelación mínima de tres meses.

- Calquera obra ou mellora do local, contará co previo coñecemento da Concellería de Participación Cidadá e autorización, sen prexuízo das licenzas municipais que procedan, sendo de conta da asociación a totalidade dos gastos que de estas deriven. As obras e instalacións executadas revertirán integramente á Administración municipal no momento que cese o uso outorgado, sen dereito a ningunha indemnización.
- O concello de Vigo, no momento en que así o determine poderá compartir o uso do devandito local, en igual ou menor superficie, para a realización dos fins ou servizos públicos municipais que beneficien aos veciños da cidade, compartindo neste caso as cargas correspondentes.
- O concello de Vigo poderá acordar a incorporación ao uso do edificio, dalgunha outra entidade pública ou privada, cando así o solicite e o permitan as disponibilidades de superficie e sexa compatíbel. Neste caso o acordo de incorporación regulará as novas condicións de uso do edificio.

2º.- Someter o presente expediente á información pública, polo prazo de 20 días, de conformidade co previsto no art. 110 do RBEL.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1017).-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS EXSPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTES Ó MES DE MAIO DE 2007. EXPTE. 17327/220.

Dáse conta do informe proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 4.06.07, que di o seguinte:

“Consonte á instrucción cuarta, apartado f) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente para o presente exercicio, en concordancia coa Disposición Transitoria 6ª.1 do vixente Acordo Regulador, aprobado polo Pleno da corporación en sesión de 28 de decembro de 1998, aboarase con cargo a gratificacións por servizos extraordinarios o exceso de xornada estrutural anual do persoal adscrito ó servizo de extinción de incendios e salvamento, sen prexuízo da parte que se lle incluíu no complemento específico.

De conformidade co acordo adoptado pola Xunta de goberno local en sesión de 19 de abril de 2004, a xornada estrutural do SEIS quedou establecida en 219 horas anuais, como consecuencia da redistribución do réxime de quendas aprobado en dito acordo, respetándose nembargantes o réxime retributivo e importes vixentes.

Consecuentemente, o importe mensual destas gratificacións resulta, segundo categoría, o seguinte :

Bombeiro e Conductor-Bombeiro.....	257,16 €
Cabo.....	272'31 €
Sarxento Xefe de Turno.....	310'83 €
Sarxento Xefe de Parque.....	335,53 €
Suboficial / Oficial.....	341,49 €

As cantidades vixentes para este ano resultan de aplicar sobre as cantidades correspondentes o ano 2006, o incremento do 2% do IPC correspondente o exercicio 2007, previstos nas Leis de presupostos do Estado para o exercicio de 2007, respectivamente.

Nesta orde de antecedentes, o abono deste complemento retributivo queda suxeito ós seguintes presupostos de asignación :

Que se realice unha xornada en exceso sobre as normais de 219 horas/ano. No caso contrario reducirase na parte proporcional que corresponda.

Por cada día de ausencia ó traballo descontarase, segundo a categoría profesional, a parte proporcional resultante dos importes mensuais percibidos polo persoal do servizo de Extinción de Incendios en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios por dito exceso de xornada.

Por isto e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, a Xefa da Unidade de Persoal propón o primeiro tenente de alcalde, a aprobación da seguinte

PROPOSTA:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de Incendios, aboaranse os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de MAIO-2007, por un total de 31.593'35 €(TRINTA E UN MIL CINCOCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMO), con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN.S.”

Con data 4.06.07 o primeiro tenente de Alcalde resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno Local queda enterada da anterior resolución.

25(1018).-ABONAMENTO INDEMNIZACIÓNS GASTOS XUDICIAIS A FUNCIONARIOS. EXPTE. 17331/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 4-06-07 da xefa da unidade de Persoal, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e visto así mesmo o informe do técnico de Intervención de data 07-06-07, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

“1. En escrito de data 31/05/2007 (documento nº 70065025) os funcionarios Dª Margarita Parajó Calvo, con DNI 36.123.798 K e nº de persoal 79.131, técnica de admón. Xeral adscrita ao Servizo de Asesoría Xurídica, e D. Jesús Núñez-Torrón López, con DNI 36.043.071 e nº de persoal 22763, técnico de admón. Especial adscrito ao Laboratorio Municipal designado supervisor de Sanidade, Consumo e Medio Ambiente por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de marzo do 2004, solicitan o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados aos mesmos como consecuencia do persoamento de ambos -en calidade de parte codemandada- no procedemento especial de protección dos dereitos fundamentais nº 434/2006, presentado por Dª Avelina Santiso Gil, sustanciado perante o

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, tendo sido dictada sentenza desestimatoria en data 30 de marzo do 2007 (Sentenza nº 95/2007).

O importe total solicitado ascende a unha contía de 2.900 euros, desglosados en 1.450 euros efectivamente aboados por cada funcionario solicitante. A tal efecto apórtase copia da Sentenza e factura emitida polo avogado D. Guillermo Presa Suárez, colexiado nº 1.311

2. En informe de data 30/05/2007, o Titular da Asesoría Xurídica Municipal xustifica a imposibilidade de defensa xurídica dos citados funcionarios a través de letrados propios do Concello, debido ao cal tivo que acudirse a un profesional externo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A Lei 7/2007, do 13 de maio, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II. O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, o Concello, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan se se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III. De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competenciais relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1.g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Baes do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, PROPONSE, previo o preceptivo informe de fiscalización que emita a Intervención Xeral, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Acordar o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados aos funcionarios D^a Margarita Parajó Calvo, con DNI 36.123.798 K e nº de persoal 79.131, técnica de admón. Xeral adscrita ao Servizo de Asesoría Xurídica, e D. Jesús Núñez-Torrón López, con DNI 36.043.071 e nº de persoal 22763, técnico de admón. Especial adscrito ao Laboratorio Municipal designado supervisor de Sanidade, Consumo e Medio Ambiente por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de marzo do 2004, como consecuencia do persoamento de ambos en calidade de parte codemandada no procedemento especial de protección dos dereitos fundamentais nº 434/2006, presentado por D^a Avelina Santiso Gil, sustanciado perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, finalizado por sentenza desestimatoria en data 30 de marzo do 2007 (Sentenza nº 95/2007).

Os ditos gastos se concretan nun importe total de 2.900 euros, dos cales corresponde a cada funcionario unha cantidade de 1.450 euros, segundo factura obrante no expediente administrativo emitida polo avogado D. Guillermo Presa Suárez, colexiado nº 1.311 e de conformidade co informe emitido polo Titular da Asesoría Xurídica Municipal en data 30/05/2007.

SEGUNDO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do

disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1019).- SOLICITUDE REINGRESO Ó SERVIZO ACTIVO DE D. ANTONIO BERNÁRDEZ DE DIOS E D^a M^a PILAR EGEA TORRÓN. EXPTE. 17342/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 7 de xuño da xefa da Unidade de Persoal conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo primeiro tenente de alcalde que di o seguinte:

“En escritos de datas 31 de maio e 1 de xuño de 2007 (documentos n.ºs. 70065372 e 70065881) o funcionario D. Antonio Bernárdez de Dios, con NIF 36.052.482-M e n.º de persoal 76.510 e a traballadora D^a M^a Pilar Egea Torrón, con NIF 50.806376-C e n.º de persoal 18543, solicitan o reingreso ao servizo activo con efectos do día 16 de xuño do 2007 por cesación na condición de persoal de confianza da Alcaldía do Concello de Vigo o próximo día 15 de xuño do 2007.

Ambolos dous atopanse declarados respectivamente nas situacións de servizos especiais por ser designado persoal de confianza acordada por resolución da Alcaldía de data 21 de xullo de 2003 e con efectos do 10 de xullo do dito ano, no caso do Sr. Bernárdez de Dios; en situación de excedencia forzosa por designación ou elección para cargo público, con dereito á reserva do posto de traballo e ao cómputo da antigüidade durante súa vixencia no caso de D^a M^a Pilar Egea Torrón, declarada por Decreto da Concelleira de Persoal de data 02/10/2003 e dada conta á Xunta de Goberno Local en data 13/10/2003 (expediente n.º 14.347/220).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O artigo 87 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público (BOE n.º 89, do venres 13 de abril do 2007) sinala que quenes se atopan na situación administrativa de servizos especiais terán dereito, ao menos, a reingresar no servizo activo na mesma localidade, nas condicións e coas retribucións correspondentes á categoría, nivel ou escalón da carreira consolidados, dacordo co sistema de carreira administrativa vixente na Administración Pública á que pertenzan.

II. En igual senso en canto ao persoal laboral, e consonte ao disposto no artigo 46.1 do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, onde se sinala que a situación de excedencia forzosa prodúcese pola designación ou elección para un cargo público que imposibilite a asistencia ao traballo, xenerando o dereito á reserva do posto de traballo e ao cómputo da antigüidade da súa vixencia. O reingreso deberá de ser solicitado dentro do mes seguinte ao do cese no cargo público.

III. Vistas as competencias en materia de persoal recollidas nos artigos 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese ao criterio da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Autorizar o reingreso do funcionario D. Antonio Bernárdez de Dios, con NIF 36.052.482-M e n.º de persoal 76.510 na súa praza de auxiliar de administración xeral, con reincorporación no posto de traballo de

auxiliar de administración xeral (posto 138), no negociado de nóminas-Tesourería (código 542) da vixente Relación de Postos de Traballo, en atención aos antecedentes e fundamentos xurídicos expresados, con efectos económicos e administrativos do próximo día 16/06/2007.

SEGUNDO.- Acordar a cesación da situación de excedencia forzosa na cal se atopa Dª Mª Pilar Egea Torrón, con NIF 50.806376-C e nº de persoal 18543, traballadora municipal, na súa praza de técnico medio de relacións públicas, con reincorporación no posto de traballo denominado técnico medio de xestión de recursos e programas (código de servizo 014 da vixente Relación de Postos de Traballo) na Unidade administrativa do Museo Municipal "Quiñones de León", en atención aos antecedentes e fundamentos xurídicos expresados e con efectos económicos e administrativos do próximo día 16/06/2007.

CUARTO.-Notifíquese o presente acordo aos interesados, Intervención Xeral, Unidade de Persoal, Organización e Métodos e xefes dos respectivos servizos aos efectos que procedan.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte so disposto no Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1020).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Ó FUNCIONARIO D. JACINTO MARTÍN BARRERAS. EXPTE. 17335/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe de data 5-06-07 da técnica de Recursos Humanos do Servizo de Persoal, conformado pola xefa do Servizo de Persoal que di o seguinte:

“Por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 16 de xuño de 2006, encomendase ao funcionario D. Javinto Martín Barreras, Asesor técnico de modernización e administración electrónica a realización de funcións e cometidos que viña desempeñando o Director da Escola Municipal de Artes e Oficios, resultando obrigado e necesario o adecuado mantemento do servizo no dito organismo coa debida operatividade técnica e funcional da mesma.

Con data 5 de xuño, recíbese na Unidade de Persoal a solicitude de aboamento dun complemento de productividade corresponde á acumulación de funcións de dito funcionario, conformada polo Concelleiro delegado de Asuntos Sociais, Presidente- Delegado da Escola Municipal de Artes e Oficios.

De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, o complemento de productividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignadas ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen nengún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As vixentes Instrucións de plantilla, aprobadas en acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005, regulan os supostos nos que se produce o dereito á percepción do devandito concepto retributivo.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade, e á Xunta de Goberno Local a aprobación e a asignación individual do mesmo, con arranxo ó establecido na Lei 7/85, de 2 de abril (artigo 127.1.h).

De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, no seu apartado terceiro a), con cargo ao complemento de produtividade se retribuirá o especial rendemento e actividade e adicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivo de urxencia, autorizada pola Alcaldía, tra-lo informe da Xunta de Persoal, por importe equivalente ó complemento de destino do posto acumulado.

O posto de Director da Escola Municipal de Artes e Oficios figura na RPT do dito organismo, definida co CD nivel 28 e CE 61. O importe mensual do Complemento de Destino 28, no ano 2007 é de 839,15 €, polo que, no caso de que pola Xunta de Goberno Local se acorde a aprobación do aboamento de dito complemento de produtividade, corresponderíalle a cantidade de 4.195,75 € polo período comprendido entre xaneiro e maio de 2007, ambos inclusive.

Consecuentemente, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e da Xunta de Persoal, a seguinte PROPOSTA:

“Recoñecer e aboar ó funcionario D. Jacinto Martín Barreras, asesor técnico de modernización e administración electrónica a realización de funcións e cometidos que viña desempeñando o Director da Escola Municipal de Artes e Oficios, a cantidde de 4.195,75 € en concepto de produtividade por acumulación temporal de dous postos correspondente ó período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2007”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1021).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A D. PRUDENCIO BARREIRA AMOR. EXPTE. 17313/220.

Examinado o expediente, dáse conta do informe de data 24/05/07 da técnica de RR HH conformado pola xefa da Unidade de Persoal que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno local, na súa sesion de data 23 de decembro de 2005, acordou a aprobacion de diferentes complementos de produtividade para o persoal dos distintos servizos municipais, entre o que se atopaba o abono de complemento de produtividade do persoal do Servicio de Educación, no que, segundo informe de data 2 de

decembro de 2005 da Xefa do servizo, conformado polo Concelleiro delegado da Area, propónse un aboamento dun complemento de produtividade por un importe de 483,80 € a os vixiantes de instalacións municipais que realizan as súas tarefas nas escolas e colexios públicos, baseada na especial adicación dos mesmos no desempeño das súas tarefas onde realizan labores de mantemento, ás execución das ordes directas da dirección dos centros educativos, sen ter diariamente a ningunha outra persoa do Concello para prestar apoio ao seu labor e asumindo gran responsabilidade persoal na boa marcha do colexio. No citado informe inclúese unha relación dos mesmos.. En dita relación omítese inintencionadamente a D Prudencio Barreiro Amor, vixiante de instalacións municipais con destino no colexio de Valle Inclán (Vilar).

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o apartado primeiro, IV, a) 14 do Decreto da Alcaldía de data 02/01/2004, e sempre en tanto en canto se produza a debida reserva de crédito da partida orzamentaria no presuposto vixente; para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento do complemento retributivo anteriormente referido, e previo informe de fiscalización e consignación de créditos, sométese ao criterio do órgano resolutor a seguinte PROPOSTA DE ACORDO::

“ Recoñecer a D Prudencio Barreiro Amor, vixiante de instalacións municipais un complemento de produtividade por importe de 483,80 €, acordando proceder ao aboamento dos mesmos.”

Dese traslado da presente resolución ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días. Así mesmo, por parte da Tesourería Municipal deberá procederse a realización da correspondente liquidación.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(1022).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO NAS PRAIAS PARA O ANO 2007. EXPTE. 73546/210.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da xefa da área de Mobilidade e Seguridade do 05.06.07, conformado polo concelleiro delegado de área e intervído e conformado pola Intervención Xeral en data 07.06.07, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Cruz Vermella Española para a prestación de primeiros auxilios e transporte sanitario nas praias do Municipio dende o día 16 de xuño ata o 22 de agosto de 2007, que de seguido se transcribe.

2º.- Autorizar o gasto, a disponibilidad do crédito e facer o abono do mesmo nos términos derivables da estipulación DÉCIMA do convenio, por un importe de 120.000 euros, con cargo á partida 223.0.227.06.00 do vixente orzamento municipal.

3º.- O presente Acordo surtirá efectos a partir da data prevista no convenio e unha vez asinado o mesmo.

4º.- Dese conta do Acordo á Intervención Xeral a través da oficina de xestión.”

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE
PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO NOS AREAIS 2007*

En Vigo a de xuño de 2007.

R E U N I D O S:

Dunha parte:

Dª Corina Porro Martínez , alcaldesa-presidenta do Concello de Vigo, nomeada por acordo plenario de data 13 de decembro de 2003, e en representación deste, segundo dispón o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra:

D. José Luis Delgado San Miguel, presidente do Comité Comarcal de Cruz Vermella Española en Vigo, en virtude do nomeamento de data 31 de xullo de 2003 do presidente do Comité Provincial, en representación desta.

Os dous, de mutuo acordo

M A N I F E S T A N

PRIMEIRO: Que a Cruz Vermella Española, institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público, está configurada legalmente como auxiliar e colaboradora das administracións públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas por estas.

SEGUNDO: Que entre os fins estatutarios da Cruz Vermella Española figura a promoción e a colaboración de accións de benestar social de servizos asistenciais e sociais, con especial atención a colectivos ou a persoas con dificultades para a súa integración social. A prevención e reparación de danos orixinados por sinistros, calamidades públicas, conflitos, enfermidades e epidemias. A cooperación en programas de prevención sanitaria, accións de tipo asistencial e reparador no campo da saúde, e en xeral, o exercizo de toda función social e humanitaria, compatible co espírito da institución. Todo iso, baixo os principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade, independencia, voluntariado, unidade e universalidade.

TERCEIRO: Que ao abeiro do Real decreto 415/96, do 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española, e dos seus estatutos, aprobados por Consello de Ministros o 22 de abril de 1998 e en cumprimento da R(85) 9, do 21 de xuño do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre traballo voluntario en actividades sociais, a Cruz Vermella é unha entidade idónea para contribuir ao desenvolvemento da política social do Concello de Vigo.

CUARTO: Que é competencia municipal, a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nos areas de acordo cos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, co artigo 115 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas e coa Orde de 31 de xullo de 1972 (Presidencia) pola que se ditan normas e

instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño. (Clasificación do areal, servizo de vixilancia, servizo de auxilio e salvamento).

QUINTO: A Cruz Vermella está disposta a colaborar co Concello no servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario das praias, para o que pon á disposición deste a infraestrutura, os recursos materiais e o máis importante, o elemento humano: os voluntarios. Este servizo representa unha carga económica para a Cruz Vermella, considerando o gasto que supón a formación, a amortización e mantemento do material, a reposición do material funxible, o combustible de ambulancias, a reposición de gastos de manutención e transporte dos voluntarios, etc.

Por conseguinte, ambas partes formalizan de mutuo acordo este convenio de colaboración nos areais, de acordo coas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo, comprométese a realizar o servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario nos areais de Samil, Illas Cíes (praia de Rodas), Vao, Tombo do Gato (antigamente, A Fonte), Canido, Argazada, Teis e Fontaiña, durante a época estival do presente ano. (Nas datas e horarios que se detallan no anexo I e de acordo co disposto na cláusula novena do presente convenio).

Non é obxecto do presente convenio a cobertura de salvamento na mar nin a vixilancia dos areais anteriormente citadas.

SEGUNDA: Para levar a cabo o referido servizo, a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo comprométese a achegar os recursos materiais e humanos relacionados no documento anexo II e que previamente determinou o Concello como suficientes para a realización do servizo. Manifestan, por tanto, que con iso a Cruz Vermella se fai cargo da xestión dunha parte das competencias que a lei lle atribúe ao Concello e que do resto o único responsable será O Concello.

TERCEIRA: Que a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo achegará durante a vixencia do presente convenio o material da súa propiedade relacionado no anexo II.

CUARTA: A Cruz Vermella Española acreditará que todo o persoal asignado ás actividades asumidas pola institución en virtude deste convenio realizou os correspondentes cursos de formación, e que deberá estar en posesión dos cursos de socorros e emerxencias ou primeiros auxilios ou auxiliar de transporte sanitario, segundo o tipo de actividade ao que estea adscrito; así como aqueloutras titulacións específicas que esixa o desempeño das tarefas que lles fosen encomendadas.

QUINTA: O Concello de Vigo comprométese a sinalizar a localización dos postos de primeiros auxilios, a establecer accesos e mantelos accesibles para as ambulancias.

SEXTA: O cambio de bandeiras de sinalización de utilización de areais será responsabilidade do Concello de Vigo .

SÉTIMA: A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española comprométese a efectuar os pagamentos necesarios motivados polas accións comprendidas neste convenio, así como a presentar mensualmente informes sobre o desenvolvemento do servizo e as estatísticas de atención.

OITAVA: Cada unha das entidades asinantes será responsable do cumprimento da normativa reguladora do tratamento de datos de carácter persoal, e ambas as dúas comprométense a dar cumprimento ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

NOVENA: En caso ningún esta prestación suporá relación laboral ningunha entre o persoal da Cruz Vermella e o Concello de Vigo.

DECIMA: Polo período de vixencia do convenio, o Concello de Vigo aboarálle á Cruz Vermella Española a cantidade de 120.000 euros (cento vinte mil euros) con cargo a partida núm. 223.0.227.06.00, de programa de seguridade nos areais do orzamento prorrogado para o ano 2007.

En canto ao pagamento da referida cantidade, e para atender a necesidade de comprar o material preciso e o carácter de entidade sen ánimo de lucro que ostenta a Cruz Vermella Española, efectuarase antes do día 15 xullo o aboamento de 40.000 euros, antes do día 15 de agosto o aboamento de 40.000 euros e o resto, 40.000 euros unha vez finalizado o servizo.

Para o caso de que na data de finalización do período de vixencia do presente convenio (22 de agosto de 2007) se dispoña de crédito suficiente para manter o servizo ata o 15 de setembro, realizaranse os trámites necesarios para a prórroga do mesmo.

O pagamento realizarase tras a presentación da correspondente factura por parte da Cruz Vermella Española que deberá conformar a Área de Seguridade.

O último pago realizarase previa certificación do cumprimento do Convenio pola unidade administrativa correspondente.

UNDÉCIMA: Créase unha comisión paritaria que formada por parte do Concello de Vigo por:

O Concelleiro-delegado de Seguridade ou persoa en quen delegue.

O Xefe da Área de Seguridade.

Un representante de Protección Civil do Concello.

Por parte da Cruz Vermella:

O presidente da Asemblea Comarcal ou persoa en quen delegue.

O coordinador xeral da Asemblea Comarcal.

O responsable do servizo de areais.

Ambas partes recoñecen esta comisión como válida para realizar as funcións de seguimento, coordinación e control, así como para resolver calquera controversia que poida xurdir tanto da interpretación como da aplicación do presente convenio.

DUODÉCIMA: O presente convenio de colaboración entrará en vigor o día 16 de xuño de 2007 e estará vixente até o día 22 de agosto de 2007.

DÉCIMO TERCEIRA: Para resolver calquera cuestión, incidencia ou controversia que se derive da interpretación e execución deste convenio, e que non poida resolver a Comisión Paritaria, ambas partes sométense de modo expreso á Xurisdicción e Tribunais de Vigo, con renuncia expresa ao seu propio foro se o tiveren.

E en proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado o presente Convenio, rubricado en todos os folios e anexos estendidos nunha soa cara, no lugar e na data arriba indicados.

ANEXO I -DATAS E HORARIOS DE CADA POSTO

Posto no areal de Samil

-LUGAR: posto de primeiros auxilios no paseo do areal de Samil.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 16/06/07 até o 22/08/07. Atención diaria.

-HORARIO: No mes de xuño, de luns a venres de 15:30 h a 20:00 h.

Nos meses de xullo e agosto, de luns a venres de 11:00 h ata as 20:00 h. Os sábados, domingos e festivos de 10:30 h a 20:30 h.

Posto na Praia de Rodas nas illas Cíes

-LUGAR: situado no lado norte do areal de Rodas nas illas Cíes.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 16/06/07 até o 22/08/07. Atención cotiá dende o 01/07/07 até o 22/08/07, resto das datas a atención realizarase nas fins de semana.

-HORARIO: dende o primeiro barco Vigo - illas Cíes até o derradeiro barco illas Cíes - Vigo.

Posto no areal do Vao

-LUGAR: situado no areal do Vao ao carón da Estación Náutica.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 16/06/07 até o 22/08/07. Atención diaria

-HORARIO: No mes de xuño atención cotiá, de luns a venres en horario de 15:30 h a 20:00 h.

Nos meses de xullo e agosto, de luns a venres de 11.00 h a 20.00 h.

Os sábados, domingos e festivos de 10:30 h a 20:30 h.

Posto no areal do Tombo do Gato (A Fonte)

-LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia da Fonte.

-DATAS DE ATENCIÓN : do 16/06/07 até o 22/08/07. Atención cotiá dende o 01/07/07 até o 22/08/07, resto das datas a atención realizarase nas fins de semana.

-HORARIO: De luns a venres de 11.00 a 20.00 horas; sábados, domingos e festivos de 10:30 a 20:30 horas.

Posto no areal da Punta

-LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia de Teis.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 01/07/07 ata o 22/08/07

-HORARIO: durante os días laborables será diario con horario de 15.30 a 20.00 horas; sábados, domingos e festivos o horario será de 10.30 a 20.30 horas.

Posto no areal de Canido

-LUGAR: posto de primeiros auxilios na praia de Canido.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 01/07/07 até o 22/08/07.

-HORARIO: de luns a venres de 11.00 horas ata as 20.00 horas; sábados, domingos e festivos de 10.30 horas ata as 20.30 horas.

Posto no areal de Arganzada (Samil 2)

-LUGAR : posto de primeiros auxilios situado no areal de Arganzada

-DATAS DE ATENCIÓN : do 01/07/07 até o 22/08/07, atención diaria.

-HORARIO: de luns a venres de 11.00 horas ata as 20.00 horas; sábados, domingos e festivos de 10.30 horas a 20.30 horas.

Posto no areal de Fontaiña

- LUGAR: posto de primeiros auxilios situado no areal de Fontaiña.

- DATAS DE ATENCIÓN: do 1/07/2007 ata o 22/08/07

- HORARIO: durante os días laborables o horario será de 15:30 a 20:00 h e os sábados, domingos e festivos o horario será de 10:30 a 20:30 horas.

ANEXO II - RECURSOS QUE APORTA A CRUZ VERMELLA

Posto no areal de Samil

- MEDIOS HUMANOS: 4 voluntarios (socorristas)

1 condutor

1 D U E

- MEDIOS MATERIAIS: ambulancia e material sanitario .

Posto no areal de Rodas nas illas Cíes

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas (voluntarios) Nos meses de xullo e agosto contarase cun médico.

- MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios, material sanitario e de primeiros auxilios e emisora de comunicación.

Posto no areal do Vao

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas (voluntarios) .

- MEDIOS MATERIAIS: material sanitario.

Posto no areal de Tombo do Gato (A Fonte)

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas (voluntarios) .

- MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios e material sanitario.

Posto no areal da Punta (Teis)

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas (voluntarios) .

- MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios e material sanitario.

Posto no areal de Canido

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas (voluntarios) .

- MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios e material sanitario.

Posto no areal de Argazada (Samil 2)

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas (voluntarios) .

- MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios e material sanitario.

Posto no areal de Fontaiña

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas (voluntarios)

- MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios e material sanitario.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(1023).- APROBACIÓN CERTIFICACIONES DE EXECUCIÓN MATERIAL DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DAS RÚAS HERNÁN CORTÉS, LUIS BRAILLE, MANUEL NÚÑEZ, MAGALLANES E GIL. EXP.TES. 492-504-505 E506/443

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 31 de maio de 2007 do coordinador de Área de Servizos Xerais que di o seguinte:

“En data 31 de xullo de 2006, asinase o Convenio entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca para o desenvolvemento de intervencións urbanas e cesión de viais.

En data 30 de xuño de 2006, asínase o convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a Cooperación económica en determinadas actuacións urbanas a realizar na cidade de Vigo.

En data 6 de novembro de 2006, a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar á empresa SERCOYSA, as obras de Humanización da rúa Hernán Cortes e Luís Braille, cun importe de adxudicación de 783.271,39 Euros.

En data 6 de novembro de 2006, a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar á empresa movexvial, S.L., as obras de Humanización da rúa Gil (entre a rúa Manuel Nuñez e Magallanes, rúa Manuel Nuñez (entre a rúa María Berdiales e Urzaiz) e rúa Magallanes, cun importe de adxudicación de 608.997,00 Euros.

Co obxecto de dar cumprimento aos convenios antes citados, xunto achégase para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a certificación correspondente á seguinte obra:

- Rúa Hernán Cortes e Luís Braille

3ª- Certificación do mes de marzo de 2007 por un importe de..... 527.054,96 euros
Total..... 527.054,96 Euros

- Rúa Gil (entre Manuel Nuñez e Magallanes)

3ª- Certificación do mes de febreiro de 2007 por un importe de..... 6.184,63 euros
Total..... 6.184,63 Euros

- Rúa Manuel Nuñez (entre María Berdiales e Urzaiz)

4ª- Certificación do mes de marzo de 2007 por un importe de.....130.913,81 euros
Total..... 130.913,81 Euros

- Rúa Magallanes

4ª- Certificación do mes de marzo de 2007 por un importe de.....103.296,20 euros
Total..... 103.296,20 Euros

A citada certificación coa correspondente factura deberá ser remitida tanto ao Consorcio da Zona Franca como a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra para dar cumprimento aos citados convenios.

Tendo en conta o anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Aprobar a certificación que a continuación se indican:

- Rúa Hernán Cortes e Luís Braille

3ª- Certificación do mes de marzo de 2007 por un importe de.....527.054,96 euros

Total..... 527.054,96 Euros

- Rúa Gil (entre Manuel Nuñez e Magallanes)

3ª- Certificación do mes de febreiro de 2007 por un importe de.....6.184,63 euros

Total..... 6.184,63 Euros

- Rúa Manuel Nuñez (entre María Berdiales e Urzaiz)

4ª- Certificación do mes de marzo de 2007 por un importe de.....130.913,81 euros

Total..... 130.913,81 Euros

- Rúa Magallanes

4ª- Certificación do mes de marzo de 2007 por un importe de.....103.296,20 euros

Total..... 103.296,20 Euros

TOTAL IMPORTE CERTIFICACIONES 767.449,60Euros

2.- Remitir a certificación coa correspondente factura a:

2.1.- Consorcio Zona Franca para facer efectivo o seu pago o contratista correspondente.

2.2.- Excm. Deputación de Pontevedra para que procedan, según se indica no convenio, ao reintegro de fondos ao Concello de Vigo por un importe de 606.069,60 euros, (seiscientos seis mil sesenta euros) correspondentes a anualidade do 2006.

2.3.- Intervención de Fondos do Concello de Vigo para o seu coñecemento e efectos oportunos. “

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(1024).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN XUVENIL “CANCERBERO” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 1936/336.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do 21.05.07, da xefa do Servizo de Xuventude, conformado pola concelleira-delegada e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobara sinatura do convenio de colaboración que se achega, entre o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN DE XOGOS DE ROL, CARTAS E ESTRATÉXIA CANCERBERO C.I.F. G 36909976, por importe de 8.000 € (OITO MIL) EUROS para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2007, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.227.06.07.

2º.- Que se libre a cantidade de 4.000 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio , e o 50% restante (4.000 €) á finalización do mesmo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN XUVENIL CANCERBERO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DINAMIZACIÓN XUVENIL DURANTE O ANO 2007”.

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello a 2007

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Corina Porro Martinez, como alcaldesa e en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, Dn.Jorge Martinez Santiago con D.N.I.53185878-B, como presidente da ASOCIACIÓN XUVENIL DE XOGOS DE ROL,CARTAS E ESTRATEXIA CANCERBERO, C.I.F G-.G-36909976

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN

O fomento do asociacionismo xuvenil é un dos exes de traballo da Concellería de Xuventude, co que se pretende potenciar a participación dos xoves, apoiando iniciativas das asociacións e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Así , entre os obxectivos a conquistar coa sinatura do presente convenio están:

- A dinamización do tecido asociativo.*
- Favorecer a consolidación e autonomía das asociacións.*
- Crear espazos de participación xuvenil*
- Colaborar cos axentes soais para conquistar unha política xuvenil global que dé resposta ós problemas e inxedanzas d@s xoves*
- Fomentar a participación e o asociacionismo xuvenil e favorecer a consolidación de iniciativas que den resposta á xuventude non asociada*
- Canalizar as propostas dos e das xoves hacia a Administración e hacia a propia sociedade.*
- Sensibilizar á opinión pública sobre os problemas específicos da xuventude.*
- Proporcionar os instrumentos que den resposta ás demandas dos e das xoves para o desenrolo dos seus obxetivos tanto individuais como colectivos.*

Por tal motivo, e vista traxectoria de actividade que leva a ASOCIACIÓN XUVENIL DE XOGOS DE ROL, CARTAS E ESTRATÉXIA CANCERBERO no barrio, así como o programa de actividades a desenvolver ata o mes de agosto do presente ano , consideramos apropiado a súa inclusión como entidade colaboradora no

desenvolvemento de actividades de dinamización xuvenil destinadas aos xoves da zona de Hispanidade e inmediacións de Povisa.

A.- Que o Concello de Vigo, a través das Concellería de Xuventude ,e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa que figura no ANEXOII do presente convenio.

B.- Que a ASOCIACIÓN XUVENIL DE XOGOS DE ROL, CARTAS E ESTRATÉXIA CANCERBERO, reconece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e este, considera á citada asociación, como entidade óptima para a súa colaboración na execución dos proxectos presentados .

C.- Que as accións a conveniar terán carácter cultural e social dirixidas á xuventude viguesa.

CONVEÑEN

1.- A organización e desenvolvemento do programa que se incorpora a este convenio como ANEXO I dacordo coa memoria económica que se achega.

2.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, abonará a cantidade de 8.000 € (OITO MIL)EUROS á ASOCIACIÓN XUVENIL DE XOGOS DE ROL, CARTAS E ESTRATÉXIA CANCERBERO, con cargo á partida 4520.227.06.07, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0065.38.004002879-1 ,en dous prazos: 50% á sinatura do convenio e 50% restante ó remate do mesmo..

O persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargada do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

3.-A ASOCIACIÓN XUVENIL DE XOGOS DE ROL, CARTAS E ESTRATÉXIA CANCERBERO deberá presentar unha memoria descriptiva unha vez rematada a actividade, onde figuren: os participantes por sesión, as actividades desenvolvidas, os materiais utilizados, o persoal destinado a cada actividade, as incidencias , así como a avaliación e a memoria económica da actividade, todo elo en disquete, formato word.

4.- A ASOCIACIÓN XUVENIL DE XOGOS DE ROL, CARTAS E ESTRATÉXIA CANCERBERO, asume as seguintes obrigas:

a.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.

b.- Presentar no Concello os informes e documentación esixida na cláusula terceira e sexta do presente convenio .

c.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas que se financian.

d.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

e.- Abor as taxas, impostos, dereitos de autor , e demais gastos derivados das actividades .

f.- O sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o Concello.

5.- A entidade participante deberá amosar feacemente a súa existencia xurídica, e polo tanto deberá presentar a seguinte documentación: fotocopia do CIF, certificado de non ter débedas co concello, certificado de estar ó corrente cos pagos a Facenda e Seguridade Social.

7.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo se reserva o dereito de interpretación do mesmo.

8.- O presente convenio terá duración ata o 31 de decembro do 2007.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comenzo.

32(1025).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN “HOY POR MAÑANA” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL.. EXPTE. 1922/336.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do 21.05.07, da xefa do Servizo de Xuventude, conformado pola concelleira-delegada e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, concretado nunha Ludoteca, entre o Concello de Vigo e a Asociación Hoy por Mañana, que se transcribe de seguido.

2º.- Aprobar o gasto de 14.010 euros a favor da entidade; Asociación Hoy por Mañana, C.I.F. G-36.806.917. con cargo á partida 4520.489.00.00 do vixente orzamento.

3º.- Facultar á Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Lucía Molares Pérez, para a sinatura do presente convenio”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL .

En Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, A concellería delegada de Xuventude Dña. Lucía Molares Pérez, en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, Dña. Elena Elvira Piñeiro García, con D.N.I.11.395.179-J en representación do Asociación Hoy por Mañana, C.I.F. G-36.627.495.

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN

Que a Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nen@s onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo.

Que a Concellería de Xuventude vén levando a cabo nos últimos anos actividades lúdicas e de educación non formal para xoves e nenas e nenos Calvario.

Que a Asociación de ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA está interesada en fomentar e potencia-la participación de tódolos tramos de idade, entre eles a d@s máis nov@s e, en especial, a d@s xoves debido á problemática social da zona.

Que, ademáis, dita asociación conta con espazos onde poder levar a cabo actividades lúdicas, de educación non formal e así como de atención .

Que a ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades .

Que en aras do interese social que para a cidade de Vigo teno desenvolvemento desta actividade, o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación Hoy por Mañana conveñen a realización do mesmo sendo o Asociación Hoy por Mañana unha entidade que conta cos medios adecuados e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese publico e zonal. Polo que se establecen as seguintes:

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA - A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións; as normas de desenvolvemento da LXS que se aproben, nos termos da súa aprobación; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo paro a o ano 2007; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interés público e social dado que a actividade a desenvolver vai dirixida á ocupación do ocio e tempo de lecer dos nenos e nenas con idades comprendidas entre os 4 e 10 anos, dun xeito lúdico e formativo, polo que a súa concesión se acolle o previsto no artigo 22 2C da Lei 38 de 2003 da LXS. dada a importancia que ten esta actividade a nivel socio-educativo cara a poboación infantil e xuvenil.

Por outra banda esta é unha das tres entidades que ten capacidade organizativa para desenvolver un programa de Dinamización Infantil Xuvenil, concretado nunha Ludoteca na cidade de Vigo, sendo as outras duas obxecto de posteriores convenios con esta Concellería, razón pola que a subvención que regula este convenio non obedece aos principios de publicidade e concorrència.

O Asociación Hoy por Mañana para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 de LXS.

En canto a subcontratacion das actividades a porcentaxe non poderá superar o 75% do orzamento total

SEGUNDA- O Excmo. Concello de Vigo comprometese a:

2.1.- Autorizar o desenvolvemento dun programa de Dinamización Infantil Xuvenil, concretado nunha Ludoteca durante o ano 2007.

2.2.- Aboar ao Asociación Hoy por Mañana a cantidade de 14.010 € (CATORCE MIL DEZ) EUROS pola organización e desenvolvemento dun programa de Dinamización Infantil Xuvenil, concretado nunha Ludoteca durante o ano 2007, con cargo á partida 4520.489.00.01“ Convenios subvencións Actividades Xuvenís” do orzamento en vigor. Dita cantidade será aboada en dous prazos: un correspondente ó 50% do importe total (7.005 €) á sinatura do presente convenio e outro do 50% restante (7.005 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.

A xustificación do importe total recibido presentárase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade

TERCEIRA.- Corresponderá ó CONCELLO DE VIGO, a traveso da Concellería de Xuventude:

3.1.- Aboar a cantidade de 14.010 € ao ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA, mediante transferencia bancaria á conta corrente número .

3.2.- Garantir a prestación adecuada das actividades e servizos. Para elo, o persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

CUARTA.- O ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA, asume as seguintes obrigas:

4.1.Desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, concretado nunha Ludoteca, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización. Este programa será levado a cabo nas instalacións da Asociación Hoy por Mañana R/ Sagunto, 86. durante os meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio, xuño,xullo, setembro, novembro e decembro do 2007.

Para o desenvolvemento destas actividades, Asociación Hoy por Mañana presenta un PROXECTO onde se recollen, entre outros, os contidos incorporados no ANEXO I.

4.2. Desenvolver as actividades na forma, lugar e tempo, conforme ó previsto neste convenio.As actividades desenvolveranse, nas instalacións da Asociación Hoy por Mañana R/ Sagunto, 86. Excepcionalmente, poderanse usar outras dependencias, municipais ou non, no termo municipal de Vigo, de ser así acordado polo Concello de Vigo, atendendo ás necesidades do servizo, independentemente do número de nenas/os resultantes.

4.3. Prestaranse baixo a dependencia da Xefatura de Servizo da Concellería de Xuventude. Atenderáanse as orientacións que dende os programas de Intervención Comunitaria Municipal poidan facerse, cara unha complementación de ambos na atención da poboación da zona.

4.4. Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas

4.5. Cumprir o horario de prestación do Servizo que será:

De luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:30 e 20:30 hs.tódolos meses do ano a excepción do mes de xullo que será de 9:30 a 13:30 h e de agosto que non se prestará o servizo. Estes horarios poderán ser modificados con autorización expresa e por escrito da xefatura do servizo de xuventude, tendo e conta, de existir, os informes da ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA.

As funcións que correspondan ó persoal encargado das actividades desenvolveranse con carácter permanente e ininterrompido nos días e horarios indicados.

4.6. Dispor do persoal apropiado para o desenvolvemento das finalidades do servizo. Dito persoal será dun mínimo de dúas persoas que desenvolverán o seu labor na Ludoteca. Deberase acreditar que este persoal ten rematado, como mínimo, o Bacharelato ou Formación Profesional de segundo grao, así mesmo como estar en posesión dunha titulación oficial en Tempo Libre (director ou monitor de Tempo Libre homologado pola Comunidade Autónoma de Galicia) e constatar experiencia no eido da animación infantil e xuvenil, mediante currículum.

4.7. Desenvolvemento das actividades polo persoal encargado, observarase un comportamento axeitado e axustado ás finalidades de aquel e terásese en conta as idades e circunstancias persoais, familiares e sociais da poboación usuaria de ditos servizos.

4.8. Prestar o Servizo trato e sen discriminación d@s usuarios do servizo.

4.9. Dispor do material necesario para o desenvolvemento da actividade.

4.10. Presentar memoria descriptiva do desenvolvemento do programa, mensualmente, con datos sobre número de socios, participantes, características, as actividades desenvolvidas, os materiais empregados, préstamos, incidencias, etc, así como a avaliación tanto dos participantes como das actividades, e a memoria económica, todo elo en disquete, formato word. Isto todo de cara a un coñecemento detallado por parte do Concello de Vigo.

4.11. Presentar proxectos mensuais de actividades que complementen o labor desenvolvido na Ludoteca, debendo contar co visto e prace do persoal municipal para a súa posta en funcionamento.

4.12. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades, así como aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados das actividades.

4.13. Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización das actividades que se convenian.

4.14. Asistir e participar nas reunións ás que sexa convocado polo servizo de xuventude , calquera que sexa o lugar e hora sempre que se lle comunique cunha antelación suficiente de 24 hs.

4.15. Poñer en coñecemento do persoal técnico municipal, as charlas, conferencias, ponencias ou similares que se vaian desenvolver, sendo aquel o encargado de dar o visto e prace á realización das mesmas. Isto sempre e cando se desenvolvan como complemento do programa. No caso de que a experiencia e/ou desenvolvemento desta actividade , vaia ser presentada en Congresos, Encontros ou similares precisará do visto e prace do Concello de Vigo, así como da participación dun representante municipal, cando supoña a presentación en modo de ponencia, conferencia ou similar.

4.16. Admitir monitores en prácticas que o Concello destine, acordándose conxuntamente entre o persoal técnico do servizo e os técnicos municipais, o labor a desenvolver por aqueles, o período de tempo, etc.

4.17. Adquirir, repoñer, reparar ou substituír, xogos, xoguetes, discos, e todos aqueles elementos de uso público. Presentar trimestralmente os TC2 e TC1 nos que acredite que o persoal que está dado de alta na seguridade social e que se abonan os seguros sociais

QUINTA:- O ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA será o encargado de dispor dos medios necesarios para a publicidade e das actividades nos mesmos. Dita publicidade deberá ser supervisada polo persoal municipal, previamente a calquera publicitación, debendo contar co visto e prace do mesmo, e sendo atendidas as indicacións que este puidera facer sobre aquela.

Como norma xeral, en toda publicidade impresa deberá aparecer e de xeito destacado, Concellería de Xuventude, Concello de Vigo.

A imaxe, logotipo, carteis, etc... que identifiquen a actividade, non poderán ser usados pola Asociación, sen autorización expresa e por escrito do Concello de Vigo, a traveso da xefatura de servizo de xuventude.

SEXTA. No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo resérvase o dereito de interpretación do mesmo.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte do beneficiario das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.

SEPTIMA O seguimento da execución do presente Convenio será realizado polo Servizo de Xuventude da Concellería de Promoción Económica e Desenvolvemento local do Excmo. Concello de Vigo.

A Concellería de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a través do Servizo de Xuventude, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

OITAVA. A aceptación por parte da Asociación Hoy por Mañana da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades Xuvenís sen fin de lucro.

O Servizo de Xuventude, como órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais , poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS

A entidade Asociación Hoy por Mañana deberá comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización da actividade obxecto deste convenio.

NOVENA. Gastos subvencionables, xustificación, comprobación e abono da subvención.

9.1 Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa realización da actividade (art. 31 LXS) e recollidos no orzamento presentado polo Asociación Hoy por Mañana, incluídos os gastos financeiros correspondentes á actividade obxecto de subvención.

9.2 A subvención de 14.010 € aboárase en dous pagos. Un do 50% á sinatura do presente convenio trala súa aprobación, e outro do 50% restante unha vez rematadas as actividades obxecto de convenio. O beneficiario xustificará a concesión otorgada coa presentación dunha conta xustificativa que contendrá:

9.3 Unha relación clasificada dos gastos realizados, con identificación do acreedor, concepto de gasto, importe e data de emisión.

9.4 Facturas orixinais dos gastos incorporados na relación anterior, nas cales deberá constar a conformidade co servizo prestado, por parte da entidade.

9.5 Un certificado actualizado doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade, con indicación do importe e a súa procedencia.

A Xefa do Servizo de Xuventude será a encargada do seguimento do convenio certificará a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

O prazo máximo para xustificar será de tres meses desde o remate da actividade subvencionada.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

ANEXO I

I. FINALIDADES DOS SERVIZOS.-

As finalidades do servicio a prestar concrétanse entre outras conexas, complementarias e interrelacionadas, nas seguintes específicas:

A) LUDOTECA

- 1.- Ofrecer os servicios, actividades e recursos para que @s nen@s, e a traveso do xogo e xoguete, desenvolvan a súa personalidade.*
- 2.- Propiciar a práctica do xogo en grupo e con compañeir@s de idades similares.*
- 3.- Fomentar a cooperación e participación social d@s nen@s, aumenta-la comunicación e mellora-lo nivel de relación.*
- 4.- Estimular a creatividade a traveso da expresión oral, plástica, etc.*
- 5.- Facilitar ós/ás nenos/as os xogos, libros e xoguetes que eles/as mesmos/as elixan en función dos seus gustos e aptitudes.*
- 6.- Fomentar os hábitos de:*
 - Hixiene, convivencia.*
 - Orde (utilizar ficheiros, fichas, recolle-los xogos e xoguetes).*
- 7.- Fomentar o coñecemento e uso de xogos manipulativos (bonecos, títeres, xoguetes técnicos).*
- 8.- Fomentar o coñecemento e uso de xogos motrices (xogos deportivos, de montaxe).*
- 9.- Fomentar o coñecemento e uso de xogos sensoriais (xogos de sociedade, de intercomunicación, técnicas musicais).*
- 10.- Fomentar o coñecemento e uso de xogos tradicionais, enmarcados na historia da zona na que @s nen@s viven.*
- 11.- Fomentar a capacidade de pensamento lóxico e estratéxico, así como as de comprensión e atención.*
- 12.- Fomentar o coñecemento e desenvolvemento da expresión corporal, verbal, musical.*
- 13.- Fomentar a capacidade de respecto (ás normas do xogo, no xogo con outr@s).*

- 14.- *Fomentar o deseño de xoguetes sinxelos, en particular, aqueles enmarcados na tradición da comunidade onde se ubica o espacio lúdico.*
- 15.- *Control e estudo dos materiais e reaccións d@s nen@s ante o xogo.*
- 16.- *Realizar actividades de animación a traveso do xogo.*
- 17.- *Desenvolver actividades de ambientación e extraordinarias que complementen á actividade lúdica.*
- 18.- *Realizar actividades de recuperación de xogos e xoguetes, enmarcadas na tradición da comunidade na que se encadra a ludoteca, facendo ós/ás nenos/as conscientes do valor que teñen como patrimonio común.*
- 19.- *Deseñar orientacións para os pais e nais, en orde á adquisición de xoguetes para @s seus fill@s.*
- 20.- *Fomenta-la capacidade de xogo dos pais e nais cos/coas seus/súas fillos/as e a integración dos/as mesmos/as no proceso formativo do xogo.*
- 21.- *Desenvolver actividades de integración dos pais, nais e adultos, no xogo d@s cativ@s.*
- 22.- *Buscar a integración e participación d@ nen@ na súa comunidade a traveso do xogo.*

II. CONDICIÓN DE EXECUCIÓN DO SERVIZO.-

A) Desenvolver as actividades de cada un dos servizos que serán, de xeito xenérico:

1.- LUDOTECA

- Préstamo de xogos e xoguetes na sala de xogos, e de préstamo de xogos e xoguetes para o exterior.*
- Desenvolvemento de obradoiros, e actividades de animación en torno ó xogo e xoguete.*
- Realización de exposicións, charlas, táboas redondas con pais/nais e educadores/as, en torno ó mundo do xogo e do xoguete.*
- Realización de actividades de xeito extraordinario, de acordo co marcado no apartado I, finalidades.*
- Realizar sesións ou actividades formativas para @s monitores en prácticas que o Concello destine nese servizo.*
- Elaboración, cumprimentación e actualización das fichas de usuari@s e de préstamo de xogos e xoguetes da Ludoteca*

33(1026).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O PLAN COMUNITARIO DE TEIS PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 1933/336.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do 21.05.07, da xefa do Servizo de Xuventude, conformado pola concelleira-delegada e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración que se achega, entre o Concello de Vigo e o PLAN COMUNITARIO DE TEIS por importe de 10.500 € (DEZ MIL CINCOCENTOS) EUROS para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.226.08.00.

2º.- Librar a cantidade de 5.250 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio , e o 50% restante (5.250€) á finalización do mesmo, previa xustificación da totalidade do gasto.

3º.- Facultar a D. Lucía Molares Pérez, como Concellería delegada da Área de Xuventude para a sinatura do presente convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O PLAN COMUNITARIO DE TEIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE CARACTER XUVENIL DURANTE O ANO 2007.

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello a

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Corina Porro Martinez, como alcaldesa e en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, D. Eduardo García Crespo D.N.I. 36.046.911 T , membro da Asociación Plan Comunitario de Teis, C.I.F G-36.791.960.e facultado pola mesma para a sinatura de convenios coa administración.

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN:

O fomento do asociacionismo xuvenil é un dos exes de traballo da Concellería de Xuventude, co que se pretende potenciar a participación dos xoves, apoiando iniciativas das asociacións e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Así , entre os obxectivos a conquistar coa sinatura do presente convenio están:

- *A dinamización do tecido asociativo.*
- *Favorece-la consolidación e autonomía das asociacións.*
- *Crear espazos de participación xuvenil*

- Colaborar cos axentes soais para conquistar unha política xuvenil global que dé resposta ós problemas e inquiredanzas d@s xoves
- Fomenta-la participación e o asociacionismo xuvenil e favorece-la consolidación de iniciativas que den resposta á xuventude non asociada
- Canaliza- las propostas dos e das xoves hacia a Administración e hacia a propia sociedade.
- Sensibilizar á opinión pública sobre os problemas específicos da xuventude.
- Proporcionar os instrumentos que den resposta ás demandas dos e das xoves para o desenrrolo dos seus obxetivos tanto individuais como colectivos.

Por tal motivo, e vista traxectoria de actividade que leva a Plan Comunitario de Teis no barrio , así como o programa de actividades a desenvolver ata o mes de xullo do presente ano , consideramos apropiado a súa inclusión como entidade colaboradora no desenvolvemento de actividades xuvenís para @s xoves vigueses.

A.- Que o Concello de Vigo, a través das Concellería de Xuventude ,e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa que figura no ANEXOII do presente convenio.

B.- Que a PLAN COMUNITARIO DE TEIS, reconece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e este, considera á citada asociación, como entidade óptima para a súa colaboración na execución dos proxectos presentados .

C- Que as accións a conveniar terán carácter cultural e social dirixidas á xuventude viguesa.

CONVEÑEN

1.- A organización e desenvolvemento do programa que se incorpora a este convenio como ANEXO I dacordo coa memoria económica que se achega.

2 .- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, abonará a cantidade de 10.500 € (DEZ MIL CINCOCENTOS) EUROS ó Plan Comunitario de Teis ,con cargo á partida 4520.226.08.00, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0127 7 8 0040008350 ,en dous prazos: 50% á sinatura do convenio e 50% restante ó remate do mesmo.

O persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargada do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

3.-O Plan Comunitario de Teis, deberá presentar unha memoria descriptiva unha vez rematada a actividade, onde figuren: os participantes por sesión, as actividades desenvolvidas, os materiais utilizados, o persoal destinado a cada actividade, as incidencias , así como a avaliación e a memoria económica da actividade, todo elo en disquete, formato word

4.- O PLAN COMUNITARIO DE TEIS, asume as seguintes obrigas:

- a.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.
- b.- Presentar no Concello os informes e documentación esixida na cláusula terceira e sexta do presente convenio .
- c.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas que se financian.
- d.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- e.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor , e demais gastos derivados das actividades .
- f.- O sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o Concello.

g.- Amosar feacemente a súa existencia xurídica, e polo tanto deberá presentar a seguinte documentación: fotocopia do CIF, certificado de non ter débedas co concello, certificado de estar ó corrente cos pagos a Facenda e Seguridade Social.

h.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo se reserva o dereito de interpretación do mesmo.

i.- O presente convenio terá duración ata o 31 de xullo do 2007.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comenzo.

ANEXO I

As actividades a desenvolver polo PLAN COMUNITARIO DE TEIS son as seguintes:

- Programa Divertimento para Peques: dirixido a 30 nenos e nenas de idades comprendidas entre 3 e 6 anos, entre os días 25 e 29 de xuño do 2007.
- Campamento Urbano, 150 rapaces de 7 a 12 anos, en dúas quendas: do 25 ao 29 xuño e do 2 ao 6 de xullo, no Colexio Santiago Apostol.

34(1027).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.